Impulsando a transformación dixital como panca de desenvolvemento

RSUDC 18/19

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A elaboración da Memoria de Responsabilidade Social da Universidade da Coruña (UDC) é froito do convenio de colaboración asinado por INDITEX, S.A. e a UDC o 10 de marzo de 2010, polo que ambas institucións acordaron unir esforzos co obxecto de promover a implantación dun modelo de Responsabilidade Social Universitaria. A coordinación técnica das actuacións que se levaron a cabo está a cargo da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e do Consello Social da UDC, en calidade de órgano de participación da sociedade na Universidade.

RS UDC 18/19

MEMORIA DE
RESPONSABILIDADE SOCIAL
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
2018-2019

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Impulsando a transformación dixital como panca de desenvolvemento

Índice

Mensaxes institucionais 06

01 **A UNIVERSIDADE DA CORUÑA** **14**
01.1 Perfil da Universidade da Coruña 15
01.2 Goberno eficiente e participativo 18
01.3 Estrutura universitaria e grupos de interese 24
01.4 Principais cifras da xestión económica 31

02 **A UNIVERSIDADE INTELIXENTE: INNOVACIÓN E DIXITALIZACIÓN** **34**
02.1 Formación especializada para a nova era dixital 35
02.2 Investigación, transformación dixital e industria 4.0 43
02.3 Colaboración Universidade-Empresa para a especialización tecnolóxica 70
02.4 Emprendemento universitario de base tecnolóxica 75
02.5 Servizos dixitais de apoio á docencia e á investigación 78

03 **COLABORACIÓN UNIVERSIDADE-EMPRESA, INTERNACIONALIZACIÓN E APOIO Á INVESTIGACIÓN** **82**
03.1 Cátedras Universidade-Empresa: Mecenado para a innovación social e a transferencia de coñecemento 83
03.2 Internacionalización e colaboración Universidade-Empresa 95
03.3 Soporte e apoio á investigación na UDC 98

04 **COMPROMISO COAS PERSOAS E A CONTORNA** **107**
04.1 Resposta da Universidade aos retos globais 107
04.2 Empregabilidade. Compromiso co achegamento ao mercado laboral 109
04.3 Contribución e fomento da igualdade 112
04.4 Implicados coa protección do medio ambiente 116
04.5 A UDC e a implicación coa comunidade universitaria 124

A dixitalización da actividade da UDC ante o impacto do COVID-19 en España 132
Perfil da memoria 137

Carta do Reitor da Universidade da Coruña

Presentamos a Memoria de Responsabilidade Social da Universidade da Coruña correspondente ao curso 2018-2019 baixo o título "Impulsando a transformación dixital como panca de desenvolvemento". Este documento non só cumpre o noso compromiso de transparencia cos nosos grupos de interese e coa sociedade no seu conxunto, senón que nos facilita información moi pertinente para ter unha visión clara da evolución da UDC nos aspectos chave da súa responsabilidade social e para testar o camiño percorrido e a súa orientación presente e futura.

Son consciente de que a pandemia ocasionada pola extensión da covid-19, coas súas fondísimas consecuencias en todos os ámbitos da nosa sociedade, fai moi difícil que nos situemos agora na perspectiva do remate do curso 2018-2019, cando o novo coronavirus aínda non aparecera no horizonte das nosas preocupacións. Cando o seu ronsel de gravísimos contratempos de todo tipo aínda non colonizara as nosas axendas e non condicionaba mesmo a actividade máis esencial da misión universitaria: a transmisión do coñecemento.

Unha das moitísimas consecuencias da pandemia será, sen dúbida, acelerar o proceso de transformación dixital. O lema da presente memoria reflicte con clareza o compromiso da Universidade da Coruña con este reto estratéxico. Un compromiso con dous vectores: cara a dentro (na actividade de docencia, investigación e xestión) e un compromiso público na formación dos profesionais do século XXI que preparamos nos campus e na transferencia do coñecemento e da innovación que a sociedade precisa para o seu progreso.

O balance do curso desde a óptica da responsabilidade social calibra os pasos dados pola UDC no cumprimento da súa misión e o seu aliñamento eficiente cos valores e os obxectivos que lle son propios, como o exercicio do dereito á educación superior e a achega de talento, investigación e innovación para un desenvolvemento sostible. Os avances conseguidos estimúlannos para seguir o rumbo que nos temos trazado: exercer as nosas responsabilidades académicas e científicas na procura permanente da excelencia, en estreita relación co noso contorno social e económico e promovendo, ao tempo, valores de igualdade de oportunidades, equidade, inclusión, diálogo e tolerancia.

Eses logros son o resultado dunha sólida estratexia de mellora continua e do esforzo dos distintos colectivos da nosa comunidade universitaria por construír unha UDC máis sostible e responsable coa súa contorna.

Julio E. Abalde Alonso

Reitor

Carta da Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da Universidade da Coruña

Coa publicación da presente Memoria de Responsabilidade Social 2018/2019 renovamos, un ano máis, o noso compromiso coa comunidade universitaria e con todos os nosos grupos de interese.

Conscientes das dificultades que está atravesando toda a sociedade, debido á crise sociosanitaria provocada polo COVID-19, quero trasladar o noso apoio a todas as persoas, empresas e institucións afectadas. Sabemos que estamos ante un momento histórico e cremos que poderemos superar as dificultades se somos capaces de aproveitar a ocasión para fortalecer os valores de solidariedade, responsabilidade e carácter innovador nos que se asenta a nosa sociedade.

Nós, como institución pública de educación superior, fortemente arraigada ás comunidades onde estamos presentes, fomentamos este comportamento socialmente responsable e proclive á innovación loitando por construír sociedades comprometidas co progreso inclusivo e benestar social e económico.

Neste sentido, fomentar a sustentabilidade en todos os seus ámbitos axudará a favorecer os retos e desafíos que están presentes na contorna actual. No Campus de Ferrol desenvolvemos o I Plan Green Campus Ferrol que vela pola utilización eficiente dos recursos, por unha mobilidade sostible, alimentación saudable e sensibilización, compras responsables e en xeral a protección do medio ambiente
.
Por outra banda, na nosa preocupación polo benestar das persoas traballamos por promover unha vida saudable dentro da comunidade universitaria. Co programa UDC Saudable achegamos valor á sociedade mediante a promoción de hábitos saudables que permitan previr enfermidades e alcanzar unha maior calidade de vida.

Unha sociedade xusta e avanzada debe cimentarse sobre os principios de igualdade e non discriminación. Calquera persoa debe gozar de oportunidades en igualdade de condicións, tanto no ámbito universitario como en calquera outro ámbito social. O respecto e a solidariedade son aspectos fundamentais para unha sociedade cohesionada, elementos importantes que nos axudan a superar situacións complicadas, como estamos a ver nestes días.

No contexto educativo, impulsamos unha formación inclusiva onde a diversidade é unha oportunidade para medrar persoal e profesionalmente. Por iso, coa publicación desta memoria plasmamos os avances en terreos tan relevantes como a igualdade de oportunidades, o compromiso coa contorna e o crecemento cara a unha sociedade máis sostible axudándonos do progreso tecnolóxico.

Por último, avanzamos nos trámites necesarios para a ampliación do Campus de Ferrol e para a acreditación da súa especialización como Campus Industrial. Esta acción responde á intención de fortalecer o noso posicionamento na resposta ao uso de novas tecnoloxías nos procesos produtivos da industria. O Campus Industrial de Ferrol acollerá a os grupos de investigación da UDC que se enmarquen na industria intelixente. O noso obxectivo é ser referentes na Industria 4.0.

María Jesús Movilla Fernández

Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Carta do Presidente do Consello Social

Vivimos un problema de Saúde Pública que nos levou a unha crise sanitaria, social e económica sen precedentes na historia recente. O primeiro, por tanto, é transmitir a nosa solidariedade e homenaxe ás vítimas e o noso apoio aos enfermos afectados pola pandemia e aos seus familiares, amigos e achegados. Entre eles, de maneira moi especial, a quen perdemos e a quen loitan contra a enfermidade entre os membros dos Consellos Sociais e da comunidade universitaria. E debemos recoñecer o inmenso mérito e xenerosidade do noso persoal sanitario e doutros colectivos, como as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado que, en condicións moi a miúdo precarias, non dubidan en poñer en risco a súa saúde e ata a súa vida para facer fronte a esta emerxencia nacional.

Agradecemos e valoramos ademais o esforzo que, en condicións moi complicadas, están a facer as nosas universidades para garantir o desenvolvemento da actividade docente e seguir cumprindo as súas misións de investigación e de transferencia dos seus resultados ao sector produtivo.

A realidade que nos impuxo a grave crise sociosanitaria pola que estamos a atravesar puxo de manifesto a importancia que a ciencia e a investigación teñen para o desenvolvemento e o benestar da nosa sociedade. Agora somos máis conscientes que nunca de que a ciencia e a investigación non só crean riqueza e benestar, senón que ademais salvan vidas humanas.

A Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas (CCS) vén insistindo en que a ciencia en España é rendible se se xestiona o talento con criterios de mérito e competitividade, como o demostran modelos como o CRG, o CNIC, os Ikerbasque no País Vasco e Icrea en Cataluña. Ou, sen ir máis lonxe e dentro da súa modestia, o programa Intalent UDC-Inditex para a contratación de investigadores posdoctorais que, tras tres anos de actividade, ofrece un retorno de catro euros por cada un investido. Un recente estudo do Instituto Valenciano de Investigación Económica (IVIE) promovido pola CRUE e pola CCS, conclúe que a universidade devolve á sociedade 4,3 euros por cada un que a administración pública inviste.

Agora pedimos que desta crise extráianse conclusións correctas, entre elas que a ciencia e a investigación non só son rendibles e crean riqueza e benestar, senón que ademais salvan vidas humanas. Vencida a pandemia e cando afrontemos a nosa reconstrución económica e social, debemos prestar maior atención á ciencia e á investigación, á súa íntima conexión coa universidade como produtora de talento e coñecemento, á necesaria mellora da súa gobernanza e financiamento, seguindo os mellores modelos europeos comparables e á súa necesaria vinculación coa empresa.

O talento das nosas persoas, e non o turismo nin a construción nin calquera outro sector da actividade económica, é o gran motor do noso desenvolvemento económico e social, e da creación de riqueza e emprego, e en consecuencia, o responsable do noso benestar social. A suma dos nosos talentos, formados polo sistema educativo e organizados nas nosas empresas, é a nosa capacidade para producir e competir nun mundo global.

España non é un país rico en recursos naturais, o mellor que temos é o talento das nosas persoas. Debemos apostar hoxe máis que nunca pola formación do talento en competencias dixitais e a transformación dixital como panca de cambio capaz de levarnos a un futuro máis próspero en termos de riqueza e benestar. Agora máis que nunca, nesta era dixital, resulta evidente que o cambio de modelo que ten que facer a economía española, xerando produtos e servizos competitivos nunha sociedade do coñecemento global, só se pode realizar a través do emprendemento baseado na investigación e na innovación e neste proceso de xeración de valor teñen que estar as universidades.

Termino felicitando á Universidade da Coruña pola publicación desta Memoria de Responsabilidade Social que reflicte o seu especial compromiso coa formación en competencias dixitais, a investigación e a transferencia de resultados desenvoltas no ámbito das novas tecnoloxías e a industria 4.0.

Antonio Abril Abadín

Presidente do Consello Social da UDC e da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas. Secretario Xeral do Consello de Administración de Inditex.

01

A Universidade da Coruña

01

A Universidade da Coruña

A Universidade da Coruña (UDC) soubo adaptarse, ao longo dos nosos 30 anos de historia, ás oportunidades e retos da contorna, centrándose nunha formación, investigación e transferencia de resultados innovadora e de calidade.

As novas tendencias tecnolóxicas, sumadas ao afán de mellora continua, permiten que a UDC camiñe hoxe cara á dixitalización das ferramentas necesarias para adaptarse a un mundo global e cada vez máis tecnoloxizado, prestando servizos eficaces, modernos e sostibles.

A través da presente Memoria, que se presenta como exercicio de transparencia, comunicamos aos nosos grupos de interese o enfoque estratéxico da nosa Universidade. Centrámonos especialmente en temas chave como a innovación no ámbito das novas tecnoloxías da información e a comunicación, e a progresiva dixitalización dos nosos servizos. Estes ámbitos de acción preséntanse como panca de cambio que nos permitirá avanzar cara á satisfacción das necesidades actuais da sociedade, coa expectativa de situarnos como axentes chave da formación, a investigación e a transferencia de resultados, a nivel nacional e internacional.

01.1
Perfil da Universidade da Coruña

01.1.1.
A UDC dunha ollada

40 Graos

07 Programas simultaneidade

52 Mestrados

37 Programas doutoramento

34 Títulos propios

117 Grupos de investigación

08 Patentes concedidas

10 Rexistros de software

225 Convenios e contratos de investigación

102 Teses de doutoramento

11'3 M€ Financiamento externo para investigación

13.581 Estudantes grao
- **11.612** Campus A Coruña
- **1.969** Campus Ferrol

2.065 Estudantes mestrados oficiais

1.186 Estudantes de doutoramento

261 Estudantes de títulos propios

2.224 Empregados
- **816** Persoal de administración e servizos (PAS)
- **1.408** Persoal docente e investigador (PDI)

01.1.2.
Oferta académica

Dende a UDC presentamos unha ampla oferta académica de calidade co obxectivo de dar resposta ás necesidades e expectativas formativas das persoas que demandan os nosos servizos educativos.

A nosa oferta responde por unha banda ás especificacións e esixencias expostas polas administracións que verifican a calidade dos plans de estudos e por outro lado, ás necesidades particulares dos nosos estudantes e da sociedade onde estamos presentes.

Os títulos oficiais distribúense da seguinte forma en función do nivel formativo:

- Graos
- Programas de mestrado oficiais
- Programas de doutoramento

Por outra banda, os nosos títulos propios de posgrao distribúense en:

- Programas de mestrado propios
- Cursos de especialización
- Cursos de formación específica de posgrao



A nosa oferta académica compleméntase con 7 programas de simultaneidade, que permiten que o estudantado poida cursar dous graos de xeito simultáneo.

Distribución graos 2018/2019 por área de coñecemento



- *Artes e humanidades*
- *Ciencias*
- *Ciencias da saúde*
- *Ciencias sociais e xuridicas*
- *Enxeñeria e arquitectura*



01.2
Goberno eficiente e participativo

Os órganos de goberno da UDC, unipersoais e colexiados, traballan día a día para asegurar a calidade e a excelencia dos servizos de formación, investigación e transferencia de resultados á sociedade.

A nosa Universidade articúlase en órganos de goberno de carácter colexiado e unipersoal e organízase en departamentos, facultades, escolas, institutos de investigación, escola internacional de doutoramento e aqueloutros centros ou estruturas necesarias para o cumprimento das súas funcións.

Son órganos colexiados comúns a toda a Universidade o Consello Social, o Claustro Universitario e o Consello de Goberno.

A través do Consello Social, a UDC conta cun mecanismo que garante a debida participación da sociedade na toma de decisións estratéxicas. O funcionamento da nosa estrutura e organización facilita a inclusión de todos os grupos de interese da Universidade, en relación co desenvolvemento da nosa actividade formativa, investigadora e de transferencia de resultados.

Consello Social

É o órgano de participación da Sociedade na Universidade da Coruña (UDC). A súa misión é velar pola satisfacción das necesidades e expectativas da Sociedade por parte da universidade, promovendo a colaboración entre ambas e a excelencia na docencia, na investigación e na transferencia do coñecemento científico.

Claustro Universitario

Máximo órgano de representación da comunidade universitaria, sendo a súa responsabilidade a elaboración dos Estatutos da Universidade. Está integrado polo reitor, que o preside, o secretario xeral, o xerente e 300 membros elixidos entre persoal docente e investigador (PDI) doutor con vinculación permanente, membros das restantes categorías de PDI, estudantes e persoal de administración e servizos.

Consello de Goberno

Órgano de goberno da Universidade. Está formado polo reitor, o secretario xeral, o xerente, os vicerreitores, persoas designadas polo Claustro de entre os seus membros, representantes dos decanos e directores de centros, directores de departamentos, de institutos universitarios de investigación, membros designados polo reitor e membros do Consello Social. O Consello de Goberno elabora as súas propias normas de funcionamento, así como os orzamentos e plans de estudo.

Consello de Dirección

Está formado polo reitor, os vicerreitores, o secretario xeral e o xerente.

Valedor Universitario

Ten a responsabilidade de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades de todas as persoas que forman parte da comunidade universitaria.

Departamentos, facultades, escolas, institutos de investigación e escola de doutoramento contan cos seus respectivos órganos de goberno e representación propios.

O Reitor da Universidade da Coruña, Julio Abalde Alonso, é ademais Presidente da Comisión Sectorial da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas CRUE Xerencias, Presidente da CIXUG e Presidente de FEUGA.

O Presidente do Consello Social, Antonio Abril Abadín, Secretario Xeral e do Consello de Inditex S.A., é tamén Vicepresidente da Fundación Universidade da Coruña, Presidente da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas (CCS), Presidente da Comisión Universidade-Empresa da Cámara de Comercio de España, Patrono da Fundación CYD, e Patrono da Fundación Gadea por la Ciencia.

01.2.1.
Cultura organizativa e obxectivos estratéxicos

Na UDC desenvolvemos un modelo universitario envorcado na satisfacción das necesidades da sociedade e que pretende adaptarse constantemente aos novos desafíos dunha contorna cambiante. As nosas actuacións baséanse nunha planificación estratéxica fundamentada en principios de responsabilidade social que nace con vocación de orientar á institución cara á consecución eficiente dos seus obxectivos.

Os obxectivos estratéxicos e liñas de actuación da nosa Universidade, en relación coas nosas áreas fundamentais de actividade, veñen recolleitos e proxectados no noso Plan Estratéxico UDC2020, que abarca o período 2013-2020.



Obxectivos estratéxicos e liñas de actuación

Docencia e aprendizaxe.

- *Aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior.*
- *Atención especial á empregabilidade e ao emprendemento dos egresados.*
- *Oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades da contorna.*

Investigación, innovación e transferencia.

- *Produción científica de calidade.*
- *Incrementar a colaboración coas empresas da contorna e fomentar a transferencia de coñecemento.*
- *Internacionalizar a investigación e a transferencia.*

Responsabilidade social.

- *Universidade que impulsa o cambio social.*
- *Igualdade de oportunidades e fomento dunha cultura de non discriminación.*
- *Universidade responsable do seu impacto ambiental.*

Internacionalización.

- *Titulacións e ambiente universitario internacional.*
- *Mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais.*
- *Mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria.*

Financiamento e uso eficiente dos recursos.

- *Captación de recursos proactiva e ingresos diversificados.*
- *Xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos.*
- *Comunidade identificada coa institución.*

Para garantir unha cultura universitaria ética e responsable, particularmente dentro do ámbito da investigación, desenvolvemos un Código Ético que recolle os valores e principios de actuación:

- **Profesionalidade**
- **Liberdade**
- **Responsabilidade**
- **Creatividade**
- **Honradez**
- **Respecto**
- **Xustiza**
- **Lealdade**
- **Ben común**
- **Confiabilidade**
- **Seguridade**

01.2.2.
Misión, visión e valores

Misión

Temos como finalidade contribuír ao avance cultural, social e económico da sociedade por medio da xeración, xestión e difusión de cultura e coñecemento científico, tecnolóxico e profesional. Concibimos a nosa misión como un servizo público, galego e de calidade.

Forma parte da nosa misión a formación dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática, cooperativa e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, expor e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Son as nosas funcións ao servizo da sociedade:

- *A creación, o desenvolvemento, a transmisión e a crítica da ciencia, da técnica e da cultura.*
- *A preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de métodos e coñecementos científicos.*
- *A difusión, a valoración e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico.*
- *A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida.*

Visión

No horizonte do ano 2020 na UDC aspiramos a:

- *Achegarnos á sociedade para ser capaces de entender as súas necesidades e dar resposta aos cambios que se produzan na súa contorna.*
- *Colaborar con todos os axentes sociais e entidades públicas e privadas para estudar, diagnosticar e achegar solucións aos retos expostos pola sociedade.*
- *Xerar canles de participación solidaria, comprometidos co desenvolvemento sostible e o medio ambiente mediante a innovación.*
- *Ofrecer unha formación axustada ás necesidades presentes e futuras da nosa contorna e que responda tamén a unha aprendizaxe adaptada ao avance individualizado do discente mediante o fomento de metodoloxías docentes innovadoras e eficaces na adquisición das habilidades e competencias requiridas polas titulacións.*

Así mesmo pretendemos:

- *Estar implicados, máis aló da formación integral das persoas, no desenvolvemento das competencias que melloren a empregabilidade do seu estudantado nos ámbitos locais, estatais e internacionais.*
- *Fomentar a creación e desenvolvemento de redes estatais e internacionais de grupos de investigación básica e aplicada que contribúan ao progreso científico, tecnolóxico, económico e social.*
- *Ser recoñecidos pola transferencia dos nosos resultados de investigación mediante iniciativas innovadoras para a posta en valor dos servizos técnicos e científicos dos que dispoñemos e que ofrece o noso Parque Tecnolóxico.*
- *Combinar a promoción dun coñecemento universal en todas as ramas de saber coa especialización naquelas áreas científicas e tecnolóxicas nas que destaca.*
- *Xestionar os nosos recursos con eficacia, eficiencia, equidade e transparencia e dispoñer dun sistema de financiamento público suficiente e estable, que se complementa coa colaboración do sector privado.*
- *Unha proxección internacional cada vez maior de todas as nosas actividades docentes e investigadoras.*

Unha organización dotada dun sistema de dirección estratéxica que favoreza a consecución dos nosos obxectivos mediante a implicación e a colaboración do conxunto da nosa comunidade universitaria.

Valores

No cumprimento das nosas finalidades propias, e como institución pública, civil, autónoma, inclusiva e laica, rexémonos polos seguintes valores e principios:

- *A igualdade de oportunidades mediante a aplicación dos criterios de mérito, capacidade e igualdade e mediante a defensa ao acceso universal á Universidade e o fomento dunha cultura de non discriminación.*
- *Esforzo das persoas como aspecto crave do progreso e do desenvolvemento individual, como a coordinación de vontades e capacidades persoais orientada á resolución de problemas, a superación de conflitos e a consecución dos obxectivos colectivos orientados ao interese común.*
- *A participación, fomentando as canles de comunicación entre todos os membros da nosa comunidade universitaria no proceso de toma de decisións, como instrumento para aproveitar todas as capacidades e os recursos dispoñibles.*
- *Compromiso e a responsabilidade social para contribuír activamente á mellora do sistema socioeconómico da nosa contorna e implicarnos na xeración de benestar económico para o conxunto da sociedade.*
- *Compromiso con Galicia, coa transformación e o desenvolvemento da sociedade galega responsabilizándonos do cultivo, da protección e da transmisión dos valores patrimoniais e culturais, tanto no ámbito artístico como urbanístico, arquitectónico, documental ou lingüístico.*
- *Respecto ao medio ambiente como Universidade socialmente responsable, xestionando os recursos á nosa disposición para que xeren o menor impacto ambiental posible e procurando a maior eficiencia e eficacia no seu uso.*
- *A eficiencia, como responsables da xestión de recursos públicos para conseguir o seu uso eficaz, orientado a satisfacer as necesidades da sociedade e a súa ben común.*
- *A calidade como meta e vontade de mellora continua na docencia, na investigación, na xestión e nos servizos, co fin de alcanzar maiores cotas de benestar social.*
- *A transparencia como mecanismo de rendición de contas para xustificar as nosas decisións e propiciar a adecuada verificación das nosas actuacións.*

01.3
Estrutura universitaria e grupos de interese

01.3.1.
Estrutura da UDC

Pertencemos ao Sistema Universitario Galego e proxectamos a nosa actividade dende A Coruña e Ferrol, a través dos nosos campus, onde están presentes as nosas facultades e demais centros. A presenza nestes territorios é moi importante para a nosa Universidade, xa que entendemos a relación responsable coa contorna máis próxima como unha relación de confianza e de crecemento social e económico conxunto, así como de pertenza a unha cultura compartida.

- **14** Facultades
- **26** Departamentos
- **04** Escolas técnicas superiores
- **04** Centros de investigación
- **06** Escolas universitarias
- **03** delas adscritas
- **08** Institutos universitarios



01.3.2.
Grupos de interese

Os nosos valores e principios establecen un marco de colaboración e de entendemento cos nosos grupos de interese. Ademais, facilitan e establecen a participación dos mesmos no día a día da UDC.

Esta comunicación efectiva conta con canles de diálogo concretos que posibilitan a inclusión e o debate, así como atender ás expectativas xeradas e dar resposta ás necesidades específicas. Ademais, este fluxo de información é fundamental nun modelo de xestión universitario responsable como o da UDC, no que as inquietudes e preocupacións dos seus grupos de interese son un factor elemental para a toma de decisións estratéxicas e decisivas.

O marco de colaboración cos nosos grupos de interese permítenos afrontar dunha forma máis aberta e competitiva o desenvolvemento da nosa actividade, apostando por procesos innovadores que logran maximizar a achega de valor social, económico e cultural.

Os principais grupos de interese da nosa Universidade son:

- Estudantes
- Equipo humano (PDI/PAS)
- Empresas e institucións do terceiro sector
- Administracións públicas
- Sociedade en xeral

Por outra banda, dada a nosa actividade como Universidade, onde principalmente se desenvolven accións de docencia, investigación e transferencia de resultados, os grupos de interese cunha influencia máis inmediata son os estudantes e o noso equipo humano formado polo persoal de servizos e administración (PAS) e o persoal docente e investigador (PDI).

Por suposto, as empresas son un actor de máxima relevancia cun peso prioritario no desenvolvemento económico e social. O tecido empresarial é o principal motor da transferencia de resultados de investigación. Por tanto, esta relación é un mecanismo crave para asumir con garantías o complexo reto da transformación dixital.

Dende a UDC estamos comprometidos coa labor levada a cabo por las entidades pertencentes ao terceiro sector debido a súa actividade establecida nun marco de loita pola igualdade e desenvolvemento social.

Por outro lado, como universidade, remarcamos o noso apoio e contribución á sociedade en xeral. Neste sentido, estamos implicados coa participación de toda a sociedade na nosa Universidade, e a nosa responsabilidade co crecemento da mesma, dende a contorna máis próxima ata o ámbito máis internacional.

Por último, debido ao noso carácter de universidade pública, a colaboración coas administracións públicas adquire unha gran importancia debido ao seu rol no desenvolvemento normativo e económico.

01.3.3.
Estudantes

Na UDC temos como unha das principais razóns sociais a formación. Os estudantes son un alicerce fundamental da Universidade e o principal motivo da súa existencia. Por iso, depositamos todos os nosos esforzos en ofrecer unha formación de calidade e adaptada ás súas necesidades.

A continuación, móstrase a evolución do número de alumnos por tipo de formación e por rama, así como tamén a súa distribución por xénero e campus universitario.

Número de alumnos por tipo de formación



Distribución por ramas de titulacións oficiais 2018/2019



Estudantes de grao representados por xénero



Estudantes de titulacións oficiais por campus



01.3.4.
Equipo humano

O noso equipo humano está conformado a grandes liñas por dous colectivos con funcións diferenciadas, ambos cun papel crave para o correcto desenvolvemento e funcionamento da Universidade. Estes dous grupos aos que facemos referencia son o persoal de administración e servizos (PAS) e o persoal docente e investigador (PDI).

A profesionalidade e dedicación diaria de ambos grupos son elementos chave para manter a calidade do ensino, desenvolver unha xestión eficiente e permitir o progreso cara a unha universidade referente en materia dixital, tecnolóxica e de innovación.

Para alcanzar as metas establecidas e adaptarnos aos novos requirimentos, contamos con 2.224 profesionais.

Equipo humano



Distribución PAS por xénero



Distribución PDI por xénero





O persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña, formado por persoal funcionario e persoal laboral, desenvolve funcións de xestión, apoio, asistencia e asesoramento para a prestación dos servizos universitarios que contribúen á consecución dos fins propios da UDC.



A realización das tarefas docentes e investigadoras na Universidade da Coruña está a cargo do seu persoal docente e investigador, composto por funcionarios e funcionarias dos corpos docentes universitarios e por persoal contratado e dedicado á docencia de calidade dentro do Espazo Europeo de Educación Superior.



O persoal docente e investigador pertencente aos corpos docentes, e o persoal con vinculación laboral, clasifícase de acordo ás seguintes categorías:

	2017	2018	2019
Catedrático/a de Escola Universitaria	34	28	27
Catedrático/a de Universidade	133	149	164
Profesor/a Asociado/a	198	185	191
Profesor/a Asociado/a de CC de Saúde	04	04	02
Profesor/a Axudante Doutor/a	62	73	86
Profesor/a Colaborador/a	43	41	38
Profesor/a Contratado/a Doutor/a	240	226	199
Profesor/a Emérito/a	07	01	00
Profesor/a Lector/a	06	06	05
Profesor/a Substituto/a	165	164	169
Profesor/a Titular de Escola Universitaria	110	96	92
Profesor/a Titular de Universidade	397	397	415
*Outros/as**	24	23	20

**Categorías en extinción polo que non se contemplan na listaxe.*

01.4

Principais cifras da xestión económica

O uso eficiente dos recursos é un compoñente estratéxico dentro da nosa xestión. Por este motivo, elaboramos o noso orzamento en función das necesidades para prover unha educación de calidade que promova a igualdade de oportunidades, a investigación, a innovación e a adaptación á nova era dixital.

Evolución do orzamento
(millóns de euros)



Gasto por destino



Gastos de persoal
Gastos correntes en bens e servizos
Inversións reais
Outros

Ingreso por procedencia



Taxas, prezos públicos e outros
Transferencias correntes
Transferencias de capital
Outros

02

A universidade intelixente: Innovación e Dixitalización

02

A universidade intelixente: Innovación e Dixitalización

A UDC é unha institución especialmente comprometida coa adaptación ás novas tendencias marcadas pola progresiva transformación dixital da nosa sociedade.

Entendemos a transformación dixital como un mecanismo capaz de achegar valor aos nosos grupos de interese a través da docencia, a investigación e a transferencia de resultados, así como de aumentar a eficiencia dos nosos procesos, e potenciar a nosa capacidade para xestionar os riscos e oportunidades da nosa contorna.

Neste contexto, as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) enmárcanse como unha ferramenta eficiente e esencial para alcanzar as metas vinculadas a un novo modelo dixital.

A transformación dixital é un reto da sociedade actual e nós traballamos por afrontalo con todas as garantías

A Cidade das TIC

A Cidade das TIC vai ser un centro de empresas tecnolóxicas que se instalará nos terreos da fábrica de armas cedidos polo Ministerio de Defensa. Apostamos por crear un complexo de referencia nacional e internacional, especialmente en materia de big data e intelixencia artificial.

A visión coa que actuamos non encadra o proxecto ao área exclusiva da Coruña, senón que a nosa ambición pasa por situar a Galicia como un foco de especialización e referencia en innovación tecnolóxica e dixitalización empresarial.

Dende a UDC traballamos para que a xestión e a propiedade do complexo tecnolóxico sexa 100% pública. Por outra banda, esperamos situar na Cidade das TIC ao Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC), e tamén á Facultade de Informática. Estes centros xogarán un papel clave co obxectivo de promover a investigación e transferencia universidade-empresa. Desta forma, dende a Universidade achegamos innovación e excelencia mentres nos mantemos en primeira liña de colaboración co tecido empresarial.

Estimamos que as primeiras empresas e os servizos xerais de apoio empresarial establecerán a súa actividade nas Cidade das TIC no ano 2022.

02.1

Formación especializada para a nova era dixital

Dende a nosa Universidade estamos a impulsar decididamente un modelo universitario no que a especialización permita un posicionamento máis reforzado no contexto nacional e internacional.

Esta especialización comeza por unha oferta formativa adaptada ás novas tendencias e que responda aos novos retos tecnolóxicos.

Campus Innova

Campus Industrial

Outra oferta docente no ámbito das TIC

Campus Innova.
Foco de especialización docente e tecnolóxica

A través do Campus Innova profundamos nesta estratexia de formación especializada potenciando determinadas fortalezas e aspectos singulares que a universidade posúe ao redor das TIC. Tamén remarcamos a vinculación do Campus con outras áreas de coñecemento, como son as humanidades ou as ciencias da vida, e do desenvolvemento de tecnoloxías innovadoras en diferentes ámbitos como a enxeñaría civil, a edificación, a aeronáutica ou a bioloxía avanzada.

A misión do Campus Innova é consolidar a UDC como un polo de coñecemento de excelencia rexional, nacional e internacional na área de coñecemento das TIC e outras tecnoloxías innovadoras e a súa hibridación con outras áreas de coñecemento.

No horizonte do 2022 a UDC pretende ser unha universidade máis atractiva dende unha óptica docente, con títulos académicos excelentes vinculados as súas áreas de especialización; cunhas liñas de investigación reforzadas e excelentes, grazas ao seu maior e mellor cociente de captación de fondos públicos e privados; e cun maior impacto na sociedade e o tecido socioeconómico.

Oferta docente no Campus Innova

Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos

Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos

Grao en Xestión Dixital de Información e Documentación

Queremos ser un centro especializado de excelencia rexional, nacional e internacional. Por este motivo, o Campus Innova conta con tres áreas de especialización que se desenvolven nas súas correspondentes liñas de especialización.

Innova TIC

Centrada nas Tecnoloxías da Información e da Comunicación, destaca polo seu enfoque transversal en múltiples ámbitos da sociedade e da economía.

- TIC 1. *Ciberseguridade.*
- TIC 2. *Análise e xestión de datos. Especialmente big data.*
- TIC 3. *Bioinformática.*
- TIC 4. *Infraestruturas, equipamentos e comunicacións para o tratamento da información.*
- TIC 5. *Sistemas intelixentes cognitivos. Reforzo da intelixencia artificial.*

Innova TECH

Centrada no desenvolvemento de tecnoloxías innovadoras en diferentes ámbitos, como a enxeñaría civil, a edificación, a aeronáutica ou a bioloxía avanzada.

- TECH 1. *Deseño estrutural eficiente en edificación, enxeñaría civil e aeronáutica.*
- TECH 2. *Modelización numérica e físico-experimental de problemas en enxeñaría.*
- TECH 3. *Deseño eficiente de infraestruturas e explotación de sistemas de transporte terrestre e marítimo.*
- TECH 4. *Tecnoloxías en monitoraxe, visualización e xestión de datos no medio ambiente e nas infraestruturas.*
- TECH 5. *Nanotecnoloxía, materiais e medias de produción.*
- TECH 6. *Novos axentes para diagnóstico e terapias.*

Innova Humanitas

Dá resposta aos retos motivados pola transformación tecnolóxica que está a experimentar a sociedade. Desenvolvemento de servizos, contido e infraestruturas dixitais.

- HUM 1. *Tecnoloxías e contidos dixitais para a educación, o turismo e o lecer.*
- HUM 2. *Conservación, recuperación e difusión do patrimonio.*
- HUM 3. *Infraestruturas lingüísticas e tecnoloxías da linguaxe.*
- HUM 4. *Transformación da sociedade na contorna tecnolóxica.*

As actividades realizadas durante 2019 divídense en catro campos de actuación en función da tipoloxía e finalidade da iniciativa.

Promoción e difusión

- *Ciclo de visitas.*
- *Coordinación do Bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía (STEMBACH) na UDC.*
- *Arquivo fotográfico dos Campus de especialización.*
- *Material de difusión e promoción do Campus Innova.*
- *Premios Isabel Zendal.*
- *Sesión informativa sobre novas titulacións.*
- *Xornada:" O final da internet tal e como a coñecemos?".*

Recursos docentes

- *Material electrónico de formación para o Mestrado de ciberseguridad.*
- *Participación en Feira Madrid Games Week.*
- *Participación na Asemblea Xeral da Asociación Española de Videoxogos.*
- *Adscritos a Videoxogo.gal.*
- *Proxector audiovisual.*

Internacionalización

- *Fondos e oportunidades de financiamento para proxectos internacionais do persoal investigador.*
- *Programa "Oportunidades de Cascade Funding para investigadores".*
- *Congreso Internacional Techling.*

Posta en valor de liñas de especialización e transferencia

- *Servizo de asistencia e organización Naukas.*
- *Xornada de innovación agroalimentaria.*
- *Feira especializada Mundo Dixitais.*
- *Xornada "Transporte Intelixente, Integrado e Sostible".*
- *Curso "Humanista Dixital".*
- *Women in Games.*

Ademais, fóra destes ámbitos de traballo singulares, o Campus Innova e o Campus da Sustentabilidade realizan iniciativas conxuntas. Algúns exemplos son o simulador para a escola de náutica e máquinas, o laboratorio de videoxogos ou a licencia software para o CICA e a actualización da súa propia intranet.

Por último, dende a UDC contamos co Programa Innovate, un programa propio vinculado ao Campus Innova e dirixido pola OTRI para a valoración de resultados I+D+i.

O obxectivo deste programa é identificar, categorizar e analizar os resultados da investigación que contan con potencial para poder ser transferidos ao mercado. En 2019 presentáronse 14 tecnoloxías, das cales 4 pasaron á segunda fase.

Campus Industrial.

Desenvolvemento excelente e especialización científica

O Campus Industrial de Ferrol está enmarcado en dúas áreas de especialización: a naval e oceánica e a industrial. Sitúase como un campus de referencia e prestixio. Está conformado por 6 centros.

Oferta docente no Campus Industrial

Graos

- *Grao en Enfermería.*
- *Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto.*
- *Grao en Enxeñaría Eléctrica.*
- *Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática.*
- *Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais.*
- *Grao en Enxeñaría Mecánica.*
- *Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica.*
- *Grao en Humanidades.*
- *Grao en Información e Documentación.*
- *Grao en Podoloxía.*
- *Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.*
- *Grao en Xestión Dixital de Información e Documentación.*
- *Grao en Xestión Industrial da Moda.*

Mestrados

- *Mestrado Universitario en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos.*
- *Mestrado Universitario en Eficiencia e Aproveitamento Enerxético.*
- *Mestrado Universitario en Enxeñaría en Deseño Industrial.*
- *Mestrado Universitario en Enxeñaría Industrial.*
- *Mestrado Universitario en Enxeñaría Naval e Oceánica.*
- *Mestrado Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas.*
- *Mestrado Universitario en Materiais Complexos: Análise Térmica e Reoloxía.*
- *Mestrado Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns.*
- *Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral.*

Doutoramentos

- *Programa Oficial de Doutoramento en Enerxía e Propulsión Mariña.*
- *Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría Naval e Industrial.*
- *Programa Oficial de Doutoramento en Física Aplicada.*
- *Programa Oficial de Doutoramento en Láser, Fotónica e Visión.*
- *Programa Oficial de Doutoramento en Lóxica e Filosofía da Ciencia.*
- *Programa Oficial de Doutoramento en Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades.*

Supón unha especialización en materia docente e científica nunha aposta estratéxica para dinamizar a economía. A misión do Campus Industrial articúlase a través da formación de profesionais para o exercicio das actividades baseadas no coñecemento que se produce no propio Campus, ligadas aos eixos naval e industrial, á investigación e ao desenvolvemento.

Durante 2019 leváronse a cabo acciones de promoción e posicionamento do Campus Industrial que se clasifican en tres termos.

Docencia e aprendizaxe

- *Organización de 39 seminarios especializados vinculados ás novas titulacións completando a formación dos estudantes.*

Investigación e transferencia

- *Preparación da documentación para a acreditación de campus de especialización no Sistema Universitario Galego.*
- *Participación en convocatorias e proxectos de I+D+i.*
- *Fomento das sinerxias entre a nosa Universidade e IGAPE-Plan Ferrol.*
- *Organización de eventos, por exemplo a Xornada de Automática ou a Xornada de Modelos Innovadores de Aproveitamento de Recursos, entre outras.*
- *Organización de seminarios, conferencias e coloquios, por exemplo a Xornada de Transformación Dixital: Unha Transformación do Negocio e da Organización. Ademais, o director do Campus Industrial asistiu á presentación da agrupación estratéxica CICA-INIBIC.*
- *Adquisición de equipamento científico pola Agrupación de Investigación en Industria Intelixente.*

Accións de difusión, promoción e comunicación

- *Edición de materiais divulgativos sobre o Campus Industrial.*
- *Plan de Mercadotecnia.*

Outra oferta docente no ámbito das TIC

A nosa oferta docente recolle diversas formacións orientadas cara á dixitalización. Destacan os graos en enxeñaría onde as novas tecnoloxías son un elemento fundamental da materia e mestrados que dan resposta a temas tan actuais como a ciberseguridade ou a bioinformática nas ciencias da saúde.

Ademais, como institución de xeración de coñecemento, a investigación adquire un papel fundamental na nosa oferta. Por esta razón, tamén contamos con doutoramentos nesta materia. Por exemplo, en computación ou en investigación das tecnoloxías da información.

Outra oferta docente TIC na UDC

Graos

- *Grao en Comunicación Audiovisual.*
- *Grao en Enxeñaría Informática.*
- *Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil.*
- *Grao en Tecnoloxías Mariñas.*

Mestrados

- *Mestrado Universitario en Biotecnoloxía Avanzada.*
- *Mestrado Universitario en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental.*
- *Mestrado Universitario en Bioinformática para Ciencias da Saúde.*
- *Mestrado Universitario en Ciberseguridade.*
- *Mestrado Universitario en Computación de Altas Prestacións.*
- *Mestrado Universitario en Enxeñaría da auga.*
- *Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática.*
- *Mestrado Universitario en Enxeñaría Mariña.*
- *Mestrado Universitario en Matemática Industrial.*

Doutoramentos

- *Programa Oficial de Doutoramento en Biotecnoloxía Avanzada.*
- *Programa Oficial de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental.*
- *Programa Oficial de Doutoramento en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión.*
- *Programa Oficial de Doutoramento en Nanomedicina.*
- *Programa Oficial de Doutoramento en Computación.*
- *Programa Oficial de Doutoramento en Investigación en Tecnoloxías da Información.*
- *Programa Oficial de Doutoramento en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas.*
- *Programa Oficial de Doutoramento en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións.*
- *Programa Oficial de Doutoramento en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións en Redes Móbiles.*

Estudos propios

- *Mestrado en Enxeñaría de Estruturas e Materiais Aeroespaciais.*
- *Mestrado en Innovación e Estratexia Dixital da Empresa.*
- *Curso de Especialización en Building Information Modeling.*
- *Curso de Especialización en Estratexia Dixital da Empresa.*

02.2

Investigación, transformación dixital e industria 4.0

A Universidade da Coruña contribúe ao progreso e á innovación coa posta en marcha dos centros de investigación que se converterán no departamento da I+D+i das empresas. Estes centros conforman un complexo conxunto que se reparte entre o campus de Elviña e o campus de Ferrol. Este proxecto, que xa é unha realidade apoiada de forma decidida tanto polas administracións públicas como polo sector empresarial, posibilitará o contacto directo entre a universidade e a empresa.

Na Universidade da Coruña contamos con catro centros de investigación de excelencia:

CITIC

Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións.

CITEEC

Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil.

CICA

Centro de Investigacións Científicas Avanzadas.

CIT

Centro de Investigacións Tecnolóxicas.

A presente Memoria expón as actuacións estratéxicas desenvoltas polos catro centros de investigación incidindo no referente ao ámbito das TIC. No campo da investigación e transferencia de coñecemento desenvólvense aspectos relacionados coa nova era tecnolóxica, como poden ser o big data, a intelixencia artificial e as comunicacións 5G.

Ademais, neste contexto, resaltamos o traballo da Unidade Mixta de Investigación UDC - Navantia debido á súa capacidade para afrontar os retos tecnolóxicos nun sector como o naval.

CITIC

Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións

Creado en 2008, o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) promove a excelencia e o avance da investigación no campo das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC).

En 2016 a Xunta de Galicia recoñece ao CITIC como un dos oito Centros Singulares de Investigación de Galicia. En 2019 renova esta acreditación, pasando a denominarse Centro de Investigación de Galicia.

No marco da xeración de coñecemento científico e colaboración universidade-empresa, desenvólvense os seguintes obxectivos.

Obxectivos

- *Poñer ao alcance da sociedade os resultados das súas investigacións a través da organización de eventos divulgativos e iniciativas para potenciar vocacións científicas.*
- *Potenciar o avance e a excelencia na investigación, desenvolvemento e innovación nas TIC.*
- *Consolidación do coñecemento científico avanzado e excelente.*
- *Fomentar a transferencia tecnolóxica á sociedade e ao mercado.*
- *Ampliar o alcance internacional da actividade investigadora.*
- *Estimular a capacidade xeradora de emprego do sector TIC.*

◊ CITIC e o Instituto Tecnolóxico de Galicia impulsan unha alianza estratéxica no ámbito das TIC

Ambas institucións promoven unha alianza investigadora unindo capacidades, experiencia e prestixio. Ambas entidades suman 15 proxectos internacionais e manteñen relacións comerciais con 17 países.

No curso 2018-2019 definiuse unha nova axenda estratéxica que persegue unir fortalezas e avanzar na mellora da investigación. A consolidación do centro como referente nacional e a ambición de situarse como referente internacional son tamén ámbitos de traballo fundamentais.

Actualmente, a actividade organízase en catro áreas científicas principais e unha quinta, a ciberseguridade, que é transversal a todas elas.

Ademais, as áreas recollen aspectos e ámbitos de actuación moi interesantes dentro do contexto da innovación tecnolóxica e a dixitalización.

Intelixencia artificial

- *Aprendizaxe máquina*
- *Visión artificial*
- *Procesado de linguaxe natural*
- *Representación del coñecemento e razoamento*

Ciencia de datos e información

- *Big data*
- *Recuperación de información*
- *Sistemas de información*
- *Análises de datos*
- *Simulación e optimización*

Computación de altas prestacións

- *Software HPC*
- *Infraestruturas Big data*
- *Computación na nube*

Servizos e redes intelixentes

- *Comunicacións inalámbricas 5G*
- *Internet das cousas*
- *Comunicacións vehiculares e sistemas de transporte intelixentes*

Ciberseguridade

A cooperación con áreas de innovación do tecido empresarial é un dos valores do CITIC

O CITIC fortalece a relación coas empresas no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) cedendo espazos nas súas instalacións a departamentos innovadores doutras compañías.

O CITIC conta con investigadores que pertencen a 16 grupos de investigación, 10 dos cales foron designados pola Xunta de Galicia como Grupos de Referencia Competitiva e 2 como Grupos de Potencial Crecemento.

Grupos de investigación

01. GAC · *Grupo de Arquitectura de Computadoras*
02. GTEC · *Grupo de Tecnoloxía Electrónica e Comunicacións*
03. IRLab · *Information Retrieval Lab*
04. LBD · *Laboratorio de Bases de Datos*
05. LIA2 · *Laboratorio Interdisciplinar de Aplicacións da Intelixencia Artificial*
06. LIDIA · *Laboratorio de Investigación e Desenvolvemento en Intelixencia Artificial*
07. LYS · *Lingua e Sociedade da Información*
08. MADS · *Modelos e Aplicacións de Sistemas Distributivos*
09. MODES · *Grupo de Modelización, Optimización e Inferencia Estatística*
10. M2NICA · *Grupo de Modelos e Métodos Numéricos en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas*
11. RNASA · *Redes de Neuronas Artificiais e Sistemas Adaptativos*
12. TALIONIS · *Tecnoloxía Aplicada á Investigación en Ocupación, Igualdade e Saúde*
13. TELEMÁTICA · *Intelixencia Telemática*
14 VARPA · *Visión Artificial e Recoñecemento de Patróns*
15. GII · *Grupo Integrado de Enseñaría*
16. CTC · *Ciencia e Técnica Cibernética*

Co ánimo de situarnos á vangarda da I+D+i, dende o CITIC traballamos por atraer o mellor talento investigador. Con este fin, aliñamos as políticas de recursos humanos e colaboramos coa estratexia HRS4R (Human Resources Strategy for Researchers), iniciativa europea que garante a contratación de investigadores en condicións xustas e transparentes.

Por outra banda, para contribuír á retención do talento investigador e á súa consolidación, todos os programas de mestrado e doutoramento vinculados á Facultade de Informática están dirixidos por investigadores líderes do CITIC.

249 *Total integrantes**
grupos de investigación
**membros adscritos ao CITIC*

200 **Publicacións**
de actividade investigadora e de transferencia de coñecemento

HR Excellence in Research

No ano 2016, dende a UDC adherímonos á iniciativa da Comisión Europea Human Resources Strategy for Researchers (HRS4R), poñendo en práctica as directrices recollidas na Carta Europea do Investigador e o Código de Conduta para promover e mellorar as nosas prácticas de Recursos Humanos.

Desta forma, asegurámonos que exista unha contratación de persoal investigador que regule os seus dereitos e obrigacións, fomentando unha contorna de traballo que estimule a investigación e a innovación, ademais de establecer procedementos de contratación transparentes e xustos para as institucións que financian os proxectos.

Tras avaliar o traballo necesario para adaptar as políticas de recursos humanos da nosa entidade organizativa coas da Carta e os principios do Código, a entidade europea outorgounos o Selo HR Excellence in Research en 2017.

HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Durante 2019 xeramos valor e coñecemento a través doutras actividades complementarias. Por exemplo, realizamos xornadas e talleres de traballo, conferencias, workshops e un congreso.

As temáticas destas iniciativas foron diversas pero sempre centradas no noso ámbito de actividade. Así, destacamos o Congreso XoveTIC destinado a mozos investigadores de universidades galegas e do norte de Portugal no ámbito das TIC co obxectivo de ser un punto de encontro para o debate científico. Ademais, tamén organizamos a xornada sobre "Novas ferramentas na Industria 4.0", a conferencia "Ciberseguridade en Europa" ou o evento formativo internacional "3rd International Workshop on 5G communications", entre outras.

Ademais, cabe destacar o recoñecemento obtido mediante a obtención de diferentes premios, por exemplo, o Premio Nacional de Informática a Nieves Brisaboa e o premio TIC Galicia 2019 para Amparo Alonso.

Neste período no CITIC obtivéronse 24 novos traballos de investigación entre proxectos e contratos asinados tanto públicos como privados, así como un financiamento de 4.491.717,05 euros.

Coa aprobación do Regulamento do CITIC que actualiza a súa normativa interna, a adscrición realízase a nivel individual e non a nivel de grupo de investigación.

Actualmente conta con 249 membros:

- **109** investigadores permanentes
- **44** investigadores non permanentes
- **72** investigadores en formación
- **24** tecnólogos

Número de proxectos de investigación contratos e convenios



Financiamento



CITIC. Un centro de excelencia investigadora a través dos seus proxectos

O CITIC conta con diversos proxectos de referencia que teñen as Tecnoloxías da Información e a Comunicación como eixo do seu desenvolvemento. A continuación destacamos unha serie de proxectos con gran relevancia no seu ámbito.

Transferencia Art. 83 LOU

INTICTO

Integración das tecnoloxías da información e as comunicacións na práctica profesional da terapia ocupacional.

Neste proxecto abordarase o estado de saúde, as capacidades e as áreas de comunicación e participación social activa na vida diaria. Favoreceranse estas variables empregando software de avaliación e de comunicación con base en imaxes e con saída de voz sintetizada.

MEGISMAR

Melloras na xestión integral sostible dos arribazóns de macroalgas que afectan os bancos marisqueiros.

O proxecto aborda principalmente tres obxectivos concretos: a caracterización cualitativa e cuantitativa espazo-temporal dos arribazóns de macroalgas; o desenvolvemento dun modelo matemático preditivo baseado en variables ambientais e biolóxicas dos propios arribazóns que permita estimar cuantitativa e cualitativamente a evolución dos mesmos nos bancos marisqueiros; e a elaboración de propostas de xestión ambiental e economicamente sostibles destes arribazón.

GEMA

Xestión da mobilidade.

Proxecto que pretende desenvolver solucións para catro retos de investigación relevantes: planificación intelixente de roteiros, axendas e horarios; etiquetaxe semántico automático de traxectorias; representación, almacenamento e explotación eficiente de traxectorias; e desenvolvemento automatizado de software de Movile Worforce Management.

I+D Internacional

FASTPARSE

Análise de linguaxe natural rápida para NLP a gran escala.

Os algoritmos para a análise sintáctica máis avanzados teñen na actualidade altos custos computacionais, procesando menos de cen oracións por segundo en hardware estándar. O obxectivo deste proxecto é eliminar este pescozo de botella a través do desenvolvemento de analizadores sintácticos veloces que resulten adecuados para o procesamento a escala de web.

AI+

Developing an artificial intelligence curriculum adapted to european high school.

O presente proxecto ten como obxectivo principal o desenvolvemento dun plan de estudos de Intelixencia Artificial (IA). Estará dirixido a estudantes de 15 a 17 anos con algunha formación básica previa en robótica e programación. O enfoque de ensino de IA que se seguirá centrarase na intelixencia integrada, é dicir, a programación de dispositivos do mundo real que interactúan coa contorna real.

I+D Nacional

FlexStataCBigHDD

Inferencia estatística flexible para datos complexos de gran volume e de alta dimensión.

A proposta céntrase en obter novos resultados teóricos para a inferencia estatística flexible especialmente para datos de alta dimensión ou de gran volume. Para iso utilizaranse métodos e ferramentas estatísticas modernas. O proxecto pretende fornecer software, para uso da comunidade estatística internacional, que permita a aplicación a datos reais procedentes das ciencias da saúde e tamén doutras ciencias.

OPTI-COOP-LOGI

Optimización e cooperación con aplicacións en economía, enerxía e loxística.

Proxecto de investigación interuniversitario xunto coa USC e a UVigo onde se estudan diversos problemas de teoría de xogos e de optimización. Articúlase ao redor de catro liñas de investigación: solucións en teoría de xogos, aplicacións dos xogos cooperativos en modelos de investigación operativa multi-axente, optimización en problemas de transporte e planificación, e optimización en problemas de enerxía e medio ambiente.

AMADEUS

Desenvolvemento de tecnoloxías intelixentes para diagnóstico da DMAE baseadas na análise automática de novas modalidades heteroxéneas de adquisición de imaxe oftalmolóxica.

Proxecto que expón a análise automática da Dexeneración Macular Asociada á Idade (DMAE) empregando as imaxes de Tomografía de Coherencia Óptica (OUT) e as imaxes de Angio-OUT (OCTA), aínda pouco exploradas para este propósito. O obxectivo deste proxecto consiste no desenvolvemento dun sistema computacional para a detección e caracterización automática da DMAE.

Ademais dos proxectos descritos, no CITIC lévanse a cabo moitas mais actuacións de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento. No período 2018/2019 contamos no centro con 71 proxectos activos dos cales o 53% foron concedidos nese mesmo período.

Transferencia Art. 83 LOU

AIRAV. *Análise de retina arteria vea.*
ACATIA. *Aplicación de factor de comportamento en autenticación de aplicacións mediante técnicas de IA, creación de prototipo e contorna de demostración.*
ACATIA 2. *Autenticación de segundo nivel mediante IA baseada en biometría táctil para ámbito bancario en mobilidade.*
AIANOC. *Análise de imaxes angio-OUT*
ATVEDES. *Asistencia técnica para a valorización económica baseada en referencias obxectivas en xestión de proxectos, do desenvolvemento software e de sistemas da plataforma Betsfy.*
AUTOVÍA. *Técnicas de visión artificial para a detección automática de puntos críticos en mantemento viario.*
AVIR. *Análise de AVR en imaxe de retina (AVIR).*
AT-DIDIR. *Asistencia técnica no deseño e implantación dunha nova infraestrutura de rede.*
AT-DISISMON. *Asistencia técnica no deseño e implantación de un sistema de monitorización de rede.*
BIPLATFORM. *Plataforma tecnolóxica de intelixencia de negocio para mellora do posicionamento en canle híbrida.*
CEF-APAC. *Asistencia técnica para a elaboración e seguimento da proposta europea connecting europe facility 2018.*
DACRON. *Desenvolvemento de aplicacións móbiles Cronigal.*
DEPIM. *Desenvolvemento de ferramentas patrón de imaxes.*
DRA. MEKNOW. *Sistema intelixente de apoio á decisión clínica.*
Enxenio15. *Desenvolvemento do Plan de innovación de Enxenio 2017-2018 - Enxenio 15.*
EVITEST. *Estudo de viabilidade técnica e económica de solucións tecnolóxicas.*
GERIATIC. *Tecnoloxías para a medicina participativa na poboación maior.*
I3AUPA. *Innovación para integrar a información de forma automática nos puntos de venda.*
i-ECOCity. Ecoinnovacion+. *Deseño, desenvolvemento e implantación dunha solución para a xestión da Pegada de Carbono e a Pegada Hídrica en actividades comerciais de contornas Urbanas.*
INRA-CBTC. *Interface radio para soporte de sistema CBTC (Communications-based train control).*
INTAAL. *Framework para a internacionalización automatizada de código mediante a adaptación de TAAL.*
LKN Study. *Plan de Innovación para a xeración de coñecemento.*
LOCITRE. *Localización e conversión de información textual relevante sobre código fonte mediante método iterativo baseado en regras.*
LOCREA. *Localización en interiores para realidade aumentada.*
MALEOPTA. *Machine Learning para a optimización de taladrinas automáticas.*
MAPRI. *Avaliación dos proxectos presentados polo movemento asociativo na IV convocatoria de axudas: programa impulso.*
PESIP. *Planificación estratéxica de sistemas de información e dixitalización de procesos produtivos.*
PIP2. *Plan de innovación de mellora de procesos produtivos e xestión empresaria do Grupo Cofrico.*
PIPABIG. *Plan de innovación de mellora de procesos analíticos de Mestrelab baseado en datos tipo big data.*
PIPAN. *Plan de innovación de mellora de procesos analíticos de NETEX baseado en tecnoloxías big data.*
PortsPlatform. *Visión Artificial e SCA para smartport Avilés e Plataforma Ágata.*
SDiVA. *Sistema de detección de intrusións baseado en visión artificial para a aplicación de UAVs en tarefas de vixilancia activa en interiores.*
SIRSER. *Análise e investigación dun sistema de recomendación como servizo.*
SOPRENE. *Utilización de redes neuronais como método de mantemento baseado na condición nos buques da armada.*
TIKITING. *Plataforma e-commerce interactiva para venda en prazas de abastos.*
UFOREST. *Plataforma baseada en UAVs de apoio á decisión no ámbito forestal.*
VIRTUS. *Explotación de tecnoloxías de virtualización de cómputo e almacenamento de vmware.*

I+D Internacional

ABC-EU-XVA. *Valuation Adjustmentes for Improved Risk Management.*
BIRDS. *Bioinformática e recuperación de información estruturas de datos e análise e deseño.*
CLASS. *Desenvolvemento do programa mestre interdisciplinario en lingüística computacional nas universidades de Asia central.*
DREAM. *Deferred restructuring of experience in autonomous machines.*
FAWIN. *Fast transmission of analog information over wireless networks.*
HiPERFORM. *High performant wide band gap power electronics for reliable, energy efficient drivetrains and optimization through multiphysics simulation.*
MW-GAIA. *Revelando a Vía Láctea con Gaia.*
SMARTEES. *Social innovation modelling approaches to realizing transition to energy efficiency and sustainability.*
WAKEUPCALL. *Xestión do risco por mor da crise.*
fastPARSE. *Fast Natural Language Parsing for Large-Scale NLP.*
MATES. *Maritime Alliance for fostering the European Blue Economy through a Marine Technology Skilling Strategy.*
AI+. *Developing an Artificial Intelligence Curriculum adapted to European High School (Erasmus+, 01/09/2019 - 30/01/2022).*

I+D Nacional

ADIMEC. *Identificación e caracterización do edema macular diabético mediante análise automática de tomografías de coherencia óptica e técnicas de aprendizaxe máquina.*
ALEC+. *Algoritmos escalables de aprendizaxe computacional: máis aló da clasificación e a regresión.*
ANSWER-ASAP. *Avances en novos sistemas de extracción de respostas con análise semántico e aprendizaxe profunda.*
BIZDEVOPS-GLOBAL. *Un framework tecnolóxico e metodolóxico sostible para o desenvolvemento de software aliñado co negocio en Devops Global.*
CHIDSI. *Inferencia estatística complexa e de alta dimensión: en xenómica, neurociencia, oncoloxía, materiais complexos, malherbología, medio ambiente, enerxía e aplicacións industriais.*
COLECTSHOOT. *Técnicas de intelixencia colectiva para a xestión de ameazas en redes e sistemas.*
COMONSENS. *Rede Comonsens.*
DATOS 4.0. *Retos e solucións–UDC.*
EDSALUD. *Plataforma de telemedicina multiespecialidade.*
ERISK. *Tecnoloxías para a predición temperá de signos relacionados con trastornos psicolóxicos.*
ETOME-RDFS3. *Etiquetaxe de traxectorias de obxectos móbiles e a súa explotación eficiente en RDF Data Cube comprimido.*
GAIA. *Minería de datos de Gaia para estudar a Vía Láctea.*
GAIA 3. *Minería de datos de Gaia para estudar a Vía Láctea II.*
HPC-Challenges II. *Novos desafíos en computación de altas prestacións: desde arquitecturas ata aplicacións (II).*
IBEROBDIA. *Obesidade e diabetes en Iberoamérica: factores de risco e novos biomarcadores patoxénicos.*
LOCREA. *Localización en interiores para realidade aumentada.*
MATES. *Alianza marítima para fomentar a economía azul europea a través dunha estratexia de habilidades tecnolóxicas mariñas.*
MEMASINURE. *Métodos matemáticos e simulación numérica para retos en finanzas cuantitativas, medio ambiente, biotecnoloxía e eficiencia industrial.*
OPTI-MULTI-RUTAS. *Optimización e repartición en problemas de decisión multi-axente con aplicacións en problemas de roteiros.*
PPIAS. *Modelos de linguaxe probabilísticos para clasificacións personalizadas en sistemas de acceso á información.*
PROXECTO MULTILINGÜES. *Extracción automática de equivalentes multilingües de colocacións.*
PROXECTO WEARABLES. *Cando o tamaño importa: selección de características para wearables.*
REDTEIC. *Rede temática en tecnoloxías emerxentes da información e as comunicacións.*
RISDEFSEG. *Rede para a innovación no sector da defensa e a seguridade.*
STEPS. *Soluciones tecnolóxicas para a evolución na prestación de servizos en campo.*
TELEPARES-UDC. *Tecnoloxías da lingua para análise de opinións en redes sociais: do texto ao microtexto.*
VASCULAR. *Plataforma online para prevención e detección precoz de enfermidade vascular mediante análise automatizada de información e imaxe médica.*
VELOCITIY. *Procesado eficiente de big data espazo-temporal para FLATCity.*

I+D Rexional

CARMEN. *Codificación e procesado de sinais para redes emerxentes de comunicacións e de sensores inalámbricas.*
RED HPC II. *Rede de tecnoloxías Cloud e big data para HPC (II).*

CITEEC

Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil

O Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) comezou a súa andadura no ano 2000 sendo pioneiro en Galicia pola súa tecnoloxía. Procedementos únicos en Europa, con capacidade para realizar ensaios avanzados en enxeñaría civil en condicións vantaxosas e cunha alta eficacia.

O centro desenvolve tres áreas fundamentais transversais a toda actividade: a promoción da investigación base, a investigación aplicada e a asesoría a empresas e institucións.

Actualmente, ten dez áreas de actividade representadas en forma de laboratorios que contan co seu propio equipo e xeran os seus propios proxectos.

ÁREAS DE ACTIVIDADE

- 01 Construcción
- 02 Hidráulica
- 03 Enxeñaría Sanitaria e Ambiental
- 04 Portos e Costas
- 05 Túneles do Vento para Ensaios Aerolásticos
- 06 Estradas e Xeotecnia
- 07 Enxeñaría Ferroviaria e Transportes
- 08 Instrumentación e Sistemas Intelixentes en Enxeñaría Civil
- 09 Mecánica de Rocas
- 10 Métodos Numéricos en Enxeñaría

Dende o CITEEC tamén se manteñen importantes relacións co tecido empresarial de diferentes sectores. Esta relación permite unha escoita activa das necesidades das empresas impulsando sinerxías. Neste sentido, na actualidade mantense colaboración con máis de 50 empresas.

O CITEEC serve como base para a agrupación estratéxica A-CITEEC que inicia a súa andaina no ano 2018. Esta iniciativa acolle a 9 grupos de investigación da nosa Universidade, dos cales 4 son Grupos de Referencia Competitiva e 1 é Grupo de Potencial Crecemento, aínda que non todos desenvolven a súa actividade investigadora dentro das instalacións do Centro.

A agrupación A-CITEEC ten como obxectivo mellorar e intensificar a investigación e a transferencia de coñecemento no ámbito dunha Enxeñería Civil e Edificación sostibles e innovadoras.

Os grupos de investigación vinculados ao CITEEC e á agrupación estratéxica A-CITEEC son:

Grupos de investigación

01. GCONS · *Grupo de Construción*
02. GEAMA · *Grupo de Enxeñaría da Auga e do Medio Ambiente*
03. CGM · *Grupo de Estradas, Xeotecnia e Materiais*
04. GME · *Grupo de Mecánica de Estruturas*
05. GFT · *Grupo de Ferrocarrís e Transportes*
06. GMNI · *Grupo de Métodos Numéricos en Enxeñaría*
07. GEA · *Grupo de Estruturas Arquitectónicas*
08. GRIDP · *Grupo de Enxeñaría e Dirección de Proxectos*
09. VAC · *Grupo de Visualización Avanzada e Cartografía*

160 *Total integrantes* **grupos de investigación**

125 **Publicacións** *de actividade investigadora e de transferencia de coñecemento*

Máis da metade dos proxectos do CITEEC son internacionais

O CITEEC conta con equipamentos singulares únicos no mundo, o que fai que grandes institucións públicas e privadas queiran colaborar con este centro tecnolóxico da nosa Universidade.

Durante este período no CITEEC levaron a cabo máis de 100 traballos de investigación anuais, entre proxectos e convenios tanto públicos como privados, que se traduce nun financiamento de máis de 5 millóns de euros.

Este desenvolvemento supón un notable aumento do financiamento, dende a creación da agrupación estratéxica A-CITEEC, mantendo estable o número de proxectos e convenios e aumentando nun 17% a financiación captada con respecto ao ano 2018.

Número de proxectos de investigación, contratos e convenios



Financiamento

CITEEC. Un centro de excelencia investigadora a través dos seus proxectos

No CITEEC contamos cun forte desenvolvemento nas investigacións de mellora de procesos e produtos relacionados ca Enxeñaría Civil e a Edificación. Os proxectos relacionados coas citadas investigacións contribúen a establecer apoio para o desenvolvemento das TIC en diferentes ámbitos. O traballo nestes campos facilita a inclusión de novas tecnoloxías na Enxeñaría Civil e a Edificación.

No período de referencia diferénciase entre os proxectos dedicados á mellora e posta a punto das instalacións dos laboratorios, os proxectos de investigación tanto internacionais como nacionais e os convenios.

Mellora das instalacións

- *Equipo de movemento de cargas pesadas para o acceso a laboratorios do CITEEC.*
- *Equipos avanzados para a investigación e ensaio de materiais bituminosos e xeomateriais.*
- *Infraestrutura piloto a escala real para a monitorización e avaliación de infraestruturas verdes (solucións baseadas na natureza) no Campus Central da Universidade da Coruña.*
- *Mellora do sistema de xeración de oleaxe multidireccional para a dársena de experimentación de portos e costas do CITEEC.*
- *Ampliación da capacidade Dinámica da Máquina de 15MN do CITEEC.*
- *Equipo para caracterización de materiais de base cemento a idades temperás en diferentes ambientes.*

I+D Internacional

AA-FLOODS. *Novas ferramentas de ámbito local en prevención, alerta e xestión de emerxencias por inundacións.*
O obxectivo consiste en unir a todos os actores involucrados en fenómenos de inundacións relacionadas co cambio climático, para construír e probar novas ferramentas, plans e regulacións para mellorar a xestión e resposta ante os riscos das citadas inundacións.

BSafe4Sexa. *Breakwaters SAFEty control through a FORecast and decision support SystEm Analysis.*
Ten por obxectivo desenvolver, probar e demostrar o concepto de previsión do comportamento estrutural dos rompeolas dos montículos de escombros, que constituirá a base dun innovador sistema de apoio á toma de decisións. Este sistema é preciso de maneira urxente debido ás condicións extremas que deben soportar os rompeolas, incluídos os efectos do cambio climático, e debido á súa importancia nas redes modernas de transporte de mercadorías e pasaxeiros.

93_ MarRISK_1_E. *Intelligent and sustainabl growth of the coastal areas of Galicia and Northern Portugal by assessing the most important coastal risks in a climate change scenario.*
MarRisk pretende asegurar un crecemento intelixente e sostible das zonas litorais de Galicia e Norte de Portugal mediante a avaliación dos riscos costeiros máis importantes nun escenario de cambio climático. Inundacións, intensificación de eventos extremos, episodios de algas tóxicas ou erosión costeira son exemplos dos riscos a analizar co fin de mellorar a resiliencia dos sectores económicos tradicionais e de outros sectores emerxentes como as enerxías renovables mariñas.

STRATOFLY. *Stratospheric flying opportunities for high- speed propulsion concepts.*
Estuda a viabilidade do voo estratosférico de pasaxeiros a alta velocidade. Téñense en conta os factores tecnolóxicos, ambientais e económicos que permiten a sustentabilidade da explotación do novo espazo aéreo, reducindo drasticamente o tempo de transferencia, as emisións e o ruído, e garantindo os niveis de seguridade requiridos. Ademais, STRATOFLY representa o primeiro paso cara os futuros lanzadores reutilizables.

I+D Nacional

EMULCELL. *Desenvolvemento de novas emulsións bituminosas mediante o uso de nanocelulosa para dar lugar a mesturas asfálticas en frío melloradas e sostibles.*
PODEDRAIN. *Caracterización da eliminación de contaminantes e avaliación da eficiencia de seccións filtrantes para a xestión sostible de sistemas urbanos de drenaxe a escala cidade.*
VAMONOS. *Desenvolvemento de modelos non-hidrostáticos en estudos hidroambientais. Fluxo 2D en ríos.*
PROCESOS THMC. *Estudo combinado mediante técnicas petrofísicas e experimentais de procesos termo-hidro-mecano-químicos (THMC) axustados a partir rocas porosas sintéticas.*
Optimización portuaria. *Sistema para a optimización da operatividade portuaria mediante a análise dinámica de buque amarrado e clima marítimo, con traballo de campo e ensaios en modelo físico.*
IMPROVEBUS. *Paradas, transbordos e reserva de plataforma. Análise experimental e modelización da súa influencia en sistemas de autobús.*
OPTISAFE. *Optimización probabilista de estruturas aeronáuticas intactas e danadas fronte a cargas dinámicas e de impacto.*
STRADURAVIUS. *Estruturas de altas prestacións pretensadas con FRP con firbras non metálicas: ancoraxe e adherencia en FRP pretensados, durabilidade e comportamento baixo carga sostida.*
Haccuracem. *Formigóns sostibles autocompactantes de altas prestacións mediante o uso de cementos de baixo contido en clinker e axentes de curado interno e autosellado.*
Horvital. *Efecto tamaño na resistencia a cortante de elementos de formigón: estudo experimental, validación de modelo teórico e extensión a elementos con reforzo exterior.*
Mesturas asfálticas recicladas. *Comportamento mecánico de mesturas asfálticas recicladas in situ con emulsión bituminosa e o seu impacto no dimensionamento de firmes: investigación do período de maduración.*
Condución cooperativa en autoestradas. *Estratexias de xestión nun sistema mixto: vehículos autónomos e tradicionais.*
Simulación numérica de fluxos. *Novos métodos sen malla para a simulación numérica de fluxos turbulentos e problemas de multifísica. Aplicación ao desenvolvemento de sistemas de xeración de enerxía renovable.*
Taboleiros de dobre caixón. *Formulación computacional de optimización estrutural e aeroelástica de taboleiros de dobre caixón en pontes de gran van con fluxo turbulento e incertezas mecánicas.*
DUPAREHA. *Rede Temática en Durabilidade, Patoloxía e Rehabilitación en Estruturas de Formigón Armado.*
HORMIGONNET. *Rede temática de Novos métodos e técnicas para o proxecto, construción, avaliación e reforzo de estruturas de formigón.*
HORMEC. *Rede temática de Formigóns Reciclados baseados en Materias primas alternativas para unha Economía Circular.*

I+D Rexional

ALFILLER. *Valorización do filler de recuperación de plantas asfálticas para o desenvolvemento de ecoproductos de base cemento.*
PRET-A-BICO. *Desenvolvemento dun sistema de tabiquería prefabricada lixeira de alto rendemento.*
FLOATING-CONCRETE. *Novas metodoloxías e deseños para a fabricación de rompeolas e pantaláns flotantes de formigón.*

Ademais dos proxectos descritos, e froito da intensa relación co tecido empresarial lévanse a cabo numerosos convenios e contratos de investigación e transferencia.

Transferencia Art. 83 LOU

- *MODUL-Modularidad integral para a instalación de sistemas de enerxías 100% renovables en emprazamentos remotos.*
- *Estudos de índole estrutural para torres e cimentacións de aeroxeradores.*
- *Estudos para determinar a extensión da vida útil de torres metálicas de aeroxeradores.*
- *Caracterización da resposta aeroelástica e dinámica do seguidor solar STI-H250 mediante ensaios en túnel de vento.*
- *Estudos para determinar os danos incrementais para torres de aeroxeración.*
- *Estudos aeroelásticos e de ensaios de vortex shedding en túnel de vento de paneis solares.*
- *Fortalecemento das capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique.*
- *3D Model Testing of Causeway Sections in Khatamat Malah (Oman). Damage, overtopping and pressures analysis.*
- *Estudo sobre a situación xeolóxico-xeotécnica actual do Monumento Natural Praia das Catedrais, e a súa posible evolución no tempo.*
- *Análise xeotécnico e modelización numérica dos movementos de ladeira en San Vicente de Leira (Villamartín de Valdeorras).*

- *Informes sobre a patoloxía estrutural das Capela do Socorro en Ferrol e Santa Rita de Armeses en Maside (Ourense).*
- *Traballos de coordinación en materia de dixitalización y BIM.*
- *Estudo sobre a estrutura executada sobre as bóvedas da nave e transepto da Catedral de Santiago de Compostela.*
- *Realización de perfís hidroquímicos, toma de mostras e análise da Corta de Vieiro.*
- *Estudo, caracterización e modelización da calidade das augas no entorno próximo á mina de Touro.*
- *Modelización numérica 3D de diferentes casos de cortocircuito hidráulico na central reversible de Bolarque III.*
- *Modelización numérica 3D co software OpenFOAM do fluxo a presión nas tubaxes de desaugue da C.H. Peares e da C.H. Belesar.*
- *Análise hidrolóxica e hidroxeolóxica do entorno do regueiro de Rioporto.*
- *Estudo hidroxeolóxico comparativo do entorno hídrico de Prexigueiro e Arnoia.*
- *Estudo dos condicionantes climáticos para o deseño de fondeos na ría de Muros e Noia.*
- *Estudo de vulnerabilidade del río Furelos.*
- *Estudo teórico sobre la inactivación de Eschericia coli do efluente da EDAR de Ribeira mediante cloración.*
- *Simulación de vertidos da EDAR de Copero no encauzamento do río Guadaira.*
- *Cálculo hidráulico e estrutural dun escudo de protección dos desaugues de fondo da Presa do Eume.*
- *Estimación da evolución temporal da temperatura da auga nos embalses de Chira e Soria, situados en Gran Canaria.*
- *Análise hidrolóxica e estimación de caudais de avenida na zona de Mula (Murcia).*
- *Estudo das variables climáticas que condicionan o nivel do mar na ría de Ferrol .*
- *Influencia na dinámica litoral da modificación da xeometría dun espigón situado na ría de Muros e Noia.*
- *Deseño e desenvolvemento dunha infraestrutura de investigación, demostración e divulgación do sistema de abastecemento de auga en A Coruña.*
- *Mellora da ferramenta matemática de modelización hidrolóxica e hidráulica Iber.*
- *Dirección e execución dos estudos necesarios para o aproveitamento do manancial Baños de Outariz.*
- *Seguimento post-cheado Lago Meirama.*
- *Mellora do sistema de alerta temperá de risco de inundación na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.*
- *Colaboración entre Augas de Galicia e a Universidade da Coruña, para a investigación sobre los procesos de depuración en Galicia.*
- *Desenvolvemento de ferramentas de predición e toma de decisións na operatividade portuaria e aplicación ao Porto de A Coruña.*
- *Informe sobre as posibles actuacións a levar a cabo sobre a rede ferroviaria de vía ancha de Galicia e da Rexión Norte de Portugal.*
- *Informe técnico sobre as actuacións para mellorar a competitividade das infraestruturas portuarias da Eurorexión Galicia Norte de Portugal.*
- *Informe técnico sobre a liña ferroviaria A Coruña - Lugo e a rede de vía métrica en Galicia.*
- *Un modelo analítico-numérico da caída do barco pesqueiro Lumián, varado o 7 de marzo de 2019 nos Astilleros Lazareto (Oza, A Coruña) propiedad de J:D. Shipyard SL.*
- *Estudo experimental de comportamento estrutural de ancoraxe química de gran diámetro baixo condicións sísmicas.*
- *Desenvolvemento e mellora tecnolóxica e a realización de ensaios de autocontrol.*

CICA

Centro de Investigacións Científicas Avanzadas

O Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) iniciou a súa actividade en 2016 enfocado cara á investigación en ciencias químicas, biolóxicas e biomédicas.

Os seus obxectivos están centrados no desenvolvemento de proxectos de investigación con financiamento público e privado, a transferencia dos resultados de investigación, a formación do persoal investigador, a colaboración con diferentes grupos e a difusión dos resultados mediante publicacións.

A actividade investigadora e de transferencia de coñecemento realizada polo CICA desenvólvese en catro áreas fundamentais.

ÁREAS DE ACTIVIDADE

01 Biotecnoloxía

02 Medio Ambiente

03 Novos Materiais

04 Biomedicina

CICA, sinónimo de busca do mellor talento

No CICA desenvólvense liñas de investigación tan innovadoras como a Biomedicina ou a Biotecnoloxía, así como a investigación sobre novos materiais. Conta con 210 persoas dedicadas á investigación e máis da metade son mulleres.

Está composto por 14 grupos de investigación, 10 dos cales están recoñecidos como Grupo de Referencia Competitiva ou Potencial Crecemento pola Xunta de Galicia.

Grupos de investi-gación

01. AQUATERRA · *Xestión sostible dos recursos hídricos e do chan*
02. BIOCOST · *Bioloxía costeira*
03. BIOENGIN · *Bioinxeñaría ambiental e control de calidade*
04. EnQA · *Enxeñaría química ambiental*
05. EXPRELA · *Regulación da expresión xenética e aplicacións*
06. GIBE · *Grupo de investigación en bioloxía evolutiva*
07. GRICA · *Grupo de investigación en cambio ambiental*
08. METMED · *Metais no medio ambiente e medicina*
09. MICROALGAE · *Estudo e aplicacións das microalgas*
10. NEUROVER · *Neuroanatomía de vertebrados*
11. QANAP · *Química analítica aplicada*
12. QUIMOLMAT · *Química molecular e de materiais*
13. REACT! · *Reactividade química e fotorreactividad*
14. XENOMAR · *Xenética de organismos mariños*

A UDC ascende ao posto 37 na clasificación Nature

Debido ao incremento de produción científica nas áreas de Química e Ciencias da vida de investigadores do CICA e da Facultade de Ciencias, a UDC ascendeu ao posto 37 nunha clasificación que contabiliza os resultados de investigación de 198 centros de investigación universitarios de España.

210 *Total integrantes* **grupos de investigación**

176 **Publicacións** *de actividade investigadora e de transferencia de coñecemento*

O CICA forma unha agrupación estratéxica co INIBIC (Centro de investigación biomédica da Coruña), o que permite fomentar e impulsar a actividade por parte de ambas entidades no campo de especialización da biomedicina.

A agrupación CICA-INIBIC conta co Programa Incita, apoiado pola OTRI, para a valorización dos resultados de investigación e como ligazón entre investigadores, entidades de financiamento e outros departamentos da UDC. No marco do Programa Incita, recibíronse 19 tecnoloxías, das cales 8 pasaron á fase final e 5 están bastante próximas de acceder ao mercado.

Por outra banda, na vinculación con outros programas da nosa Universidade, recibíronse investigadores de InTalent UDC-Inditex. Dúas das persoas beneficiarias deste programa están actualmente desenvolvendo os seus proxectos no CICA.

En total durante 2019, contabilizouse 41 traballos de investigación entre proxectos e contratos e convenios, manténdose de forma estable en comparación cos 39 alcanzados en 2018. En cambio, estes traballos de investigación obtiveron un maior volume de financiamento, aproximadamente un 59% superior en relación co período anterior.

Número de proxectos de investigación, contratos e convenios



Financiamento



CICA. Un centro de excelencia investigadora a través dos seus proxectos

Dende o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), os grupos de investigacións pertencentes o centro, utilizan ferramentas con un alto compoñente TIC para o desenvolvemento dos seus proxectos de investigación. Por exemplo, Sistemas de Información Xeográfica (SIX), GPS, computación, bioinformática, microchips, simulación numérica, drons ou imaxe de satélite.

Durante o 2019/2018 dentro do CICA, destacamos os seguintes proxectos activos en función dos grupos de investigación que o leve a cabo, apoiados no uso das TIC e nas novas tecnoloxías.

- **EURAD.** European Joint Programme on Radioactive Waste Management.
- **MOTIVACION.** Modelos de transporte reactivo en medios porosos con actualización dinámica dos parámetros en interfaces reactivas.
- **EMGRISA.** Hidroxeoloxía e modelos de balance hidrolóxico, e modelos de fluxo subterráneo e transporte de contaminantes no emprazamento de Sardas: segunda fase.
- **ENRESA.** Modelización de fluxo e transporte de solutos reactivos nos almacenamentos de residuos radiactivos (079-CO-SU-2018-0004).

Estes proxectos:

- *Desenvolven ferramentas de cálculo matemático para a simulación numérica de sistemas naturais e de barreiras de enxeñaría.*
- *Fan uso extensivo de grandes cantidades de datos xeoreferenciados que se integran en programas e se postprocesan.*
- *Aplican ditas ferramentas á realización das simulacións en sistemas de interese para empresas do sector industrial.*

- **LIFE IN COMMON LAND.** Managing land in common, a sustainable model for conservation and rural development in special Areas of Conservation.

  - *Imaxe de satélite e drons para a clasificación da vexetación, e seguimento das eguas mediante colares GPS e ferramentas SIX.*

- **Proxecto valorización.** Solucións innovadoras para a xestión e valorización do sistema tradicional de cabalos salvaxes de Galicia.

  - *Valoración dos colares GPS como ferramenta tecnolóxica de utilidade para facilitar o seguimento, control e manexo dos cabalos salvaxes.*
  - *Valoración da utilidade dos drons para control e manexo dos cabalos, incluídas recomendacións de uso e para a selección dos equipos idóneos.*
  - *Experiencias en canto a sistemas innovadores para evitar conflitos: deseño de peches electrificados e uso de cámaras de foto trampeo con mensaxería instantánea.*
  - *Análise de características, vantaxes e inconvenientes dos distintos sistemas de identificación que poderían ser máis apropiados para os cabalos salvaxes, complementarios ao microchip pero que permitan a identificación a distancia.*
  - *Cartografía mediante técnicas de Sistemas de Información Xeográfica (SIX) utilizando datos de satélite, drons e traballo de campo.*
  - *Deseño e implantación dun sistema semiautomático de identificación de unidades de vexetación para a xestión: Promoción de BESTaTOOLs unha aplicación para ArcGIS para unha xestión máis eficiente e con menor custo para a xestión gandeira, a conservación de hábitats naturais e o control do risco de incendios.*

- **PRODIXOS.** Produción dirixida de XOS para distintas aplicacións alimentarias mediante tecnoloxías encimáticas innovadoras.

  - *Desenvolvemento dun proceso biotecnolóxico para converter a palla de trigo en produtos de alto valor engadido derivados da fracción hemicelulósica con interesantes aplicacións. Ten unha parte de metaxenómica para a que se utilizan ferramentas bioinformáticas.*

- **INMUNOTOP.** Descubrimento de antitumorais innovadores dirixidos contra dianas oncolóxicas: sistema topoisomerasa e regulación da resposta inmune.

Utilización da computación mediante Química Cuántica para deducir propiedades físico-químicas de novos compostos con actividades antitumorais. A computación realízase en centros de cálculo (CESGA e centro de cálculo do Instituto Max Planck de Goetinguen).

- **Compostos sideróforos.** Factores de virulencia bacterianos como dianas terapéuticas en peixes: caracterización de sideróforos e desenvolvemento de novos tratamentos contra forunculosis e tenacibaculosis.

Utilización da computación mediante Química Cuántica para deducir propiedades físico-químicas de novos compostos de natureza siderófora capaces de provocar fervenzas de infeccións oportunísticas en peixes de acuicultura. A computación realízase no CESGA.

CIT
Centro de Investigacións Tecnolóxicas

O Centro de Investigacións Tecnolóxicas nace en 1996 e atópase situado en Ferrol, concretamente no Campus de Esteiro. Está enfocado cara á creación de coñecemento científico e capacidades altamente cualificadas no ámbito das tecnoloxías industriais.

Debido á súa experiencia, é un referente na Industria 4.0, a enxeñaría dos materiais, a construción naval e a enerxía. Integrando en todos os ámbitos tecnoloxías innovadoras que buscan o avance da sociedade e xerando novos conceptos no deseño de procesos industriais do futuro.

As liñas de investigación que desenvolven a actividade do CIT resúmense en oito áreas:

ÁREAS DE ACTIVIDADE

- 01 Robótica industrial e cognitiva
- 02 Intelixencia computacional
- 03 Automatización e monitoraxe de procesos industriais
- 04 Organización da produción
- 05 Fabricación aditiva
- 06 Eficiencia enerxética
- 07 Materiais avanzados e estruturas
- 08 Enxeñaría naval e off Shore

Grupos de investigación:

Grupos de investi-gación

01. CTC · *Grupo de Ciencia e Técnica Cibernética*
02. GEM · *Grupo de Enxeñaría Mixto*
03. GII · *Grupo Integrado de Enxeñaría*
04. Grupo de Polímeros
05. LAIL · *Laboratorio de Aplicacións Industriais do Láser*
06. LAE · *Laboratorio de Análise Estrutural*
07. PROTERM · *Propiedades Térmicas e Reológicas de Materiais*
08. Laboratorio de Combustibles

Así mesmo, o CIT conta coa Unidade Mixta de Investigación Navantia-UDC, referente na implantación dos alicerces da Industrial 4.0 no sector da construción naval. A Unidade Mixta de Investigación Navantia-UDC entendémola como outro grupo de investigación do CIT ao estar aloxada nas súas instalacións.

98 *Total integrantes* grupos de investigación

52 Publicacións *de actividade investigadora e de transferencia de coñecemento*

Colaboración coa empresa Edar-Bens, en relación con contaminantes orgánicos emerxentes nos efluentes

O grupo Ciencia e Técnica Cibernética desenvolve un sistema de sensorización para proporcionar alertas temperás sobre a presenza de contaminantes orgánicos emerxentes para mellorar o proceso de tratamento.

Os proxectos de investigación e convenios mantéñense con certa estabilidade en relación a 2018. No presente período contabilízanse 53 traballos de investigación, soamente catro menos en todo o ano. Pero neste contexto, remarcamos que o volume de financiamento obtido durante 2019 aumentou en practicamente un 31% respecto ao período inmediatamente anterior, fortalecendo desta forma os recursos necesarios para desenvolver a actividade.

Número de proxectos de investigación, contratos e convenios



Financiamento

CIT. Un centro de excelencia investigadora a través dos seus proxectos

No Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT) varios proxectos de investigación básica destacan no campo da Robótica e Intelixencia Artificial, como por exemplo o europeo DREAM (Deferred Restructuring of Experience in Autonomous Machines) ou un a nivel nacional dedicado ao desenvolvemento dunha arquitectura cognitiva para robots con adaptación autónoma de comportamento.

Por outra banda, nos campos da optimización de procesos industriais, organización da produción e loxística desenvolvemos liñas de traballo moi activas no CIT. Estas liñas suman 8 contratos con empresas galegas e unha participación na Rede Española en Transporte Sostible Intelixente.

Ademais, o sector naval e off-shore sempre foi, e segue sendo, un foco de gran interese no CIT, co proxecto europeo MATES (Maritime Alliance for fostering the European Blue economy through a Marine Technology Skilling Strategy) e 2 contratos con empresas para ensaios na canle hidrodinámica. Este enfoque materialízase tamén na Unidade Mixta de Investigación Navantia-UDC, alianza concibida para expor as bases do Estaleiro do Futuro.

O CIT en un centro de investigación fortemente vinculado aos procesos industrias e ao desenvolvemento de novos materiais mediante procesos tecnolóxicos avanzados.

Internacionais

- MATES. *Maritime Alliance for fostering the European Blue economy through a Marine Technology Skilling Strategy*
- DREAM. *Deferred restructuring of experience in autonomous machines*

Nacionais

- SIMMAP. *Captación e procesamento de imaxes de sensorización semi-remota.*
- SAILOR. *Submarino Autónomo para la Inspección de instalaciones Off-shoRe.*
- *Arquitectura cognitiva para robots con adaptación de comportamento autónomamente motivada.*
- *Establecemento dunha metodoloxía para a obtención de materiais con gradiente de concentración bidimensional mediante a deposición directa de materiais con láser*
- *Optimización dos procesos de ablación láser para a limpeza e texturizado de superficies en 3D de rocas ornamentais*
- *Materiais híbridos orgánico-inorgánicos para aplicacións de refrixeración ecolóxicas*
- *Rede Temática en Tecnoloxías Emerxentes da Información e das Comunicacións*
- *Rede Española en transporte sostible intelixente*

Por outra banda, no campo dos materiais avanzados, os esforzos están dirixidos na actualidade cara as técnicas de fabricación aditiva, tanto metálica (cun proxecto nacional de desenvolvemento de materiais con gradiente de concentración mediante a deposición directa de materiais con láser), como plástica (con 3 proxectos Conecta Peme orientados ao desenvolvemento de compostos plásticos con aproveitamento de recursos naturais). Ademais, tamén estamos traballando no desenvolvemento de materiais híbridos para aplicacións de refrixeración ecolóxica.

Unidade Mixta de Investigación UDC-Navantia

A Unidade Mixta de Investigación UDC-Navantia (UMI), que se atopa no CIT, foi creada en 2015 por mor da colaboración entre a nosa Universidade e Navantia. Situada en Ferrol, a Unidade Mixta de Investigación (UMI) foi concibida como un mecanismo para dar soporte ao desenvolvemento de novas técnicas e tecnoloxías que melloren os procesos. Traballamos para incrementar a competitividade do estaleiro e afrontar o desafío técnico industrial do Programa de Fragatas F110.

En termo de produtividade e eficiencia, conta cunha gran achega ás áreas da nova era tecnolóxica e dixital. Por tanto, esta xeración de valor diferencial é consecuencia da adaptación e posicionamento de vangarda dentro da modernización do sector.

Os elementos crave do Estaleiro 4.0 son: a cuarta revolución industrial, a revolución dixital, unha fábrica intelixente e unha inter-comunicación continua e instantánea.

Para conseguir os obxectivos establécense as seguintes áreas de actuación:



- *Transformación dos métodos produtivos para mellorar a súa eficiencia.*
- *Desenvolvemento de novos esquemas da loxística da planta.*
- *Automatización dos procesos produtivos.*
- *Desenvolvemento de ferramentas e dispositivos TIC específicos para Enxeñaría, produción e xestión do coñecemento.*
- *Transferencia dos novos desenvolvementos á cadea de subministración.*

Actualmente, está a traballarse nas seguintes liñas de investigación que perseguen dar resposta aos obxectivos da UMI, promovendo a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico desde unha óptica de sustentabilidade.

Modelado e Simulación de Procesos no Estaleiro

Modelo virtual para mellorar a produtividade da planta actual e deseñar a mellor distribución en planta futura.

Modelado e Simulación de Procesos de Eólica Mariña

Deseño dun modelo de simulación que represente nunha contorna virtual a situación actual e futura, servindo como unha ferramenta de apoio á xestión.

Optimización de Procesos

Desenvolver unha mirada sobre os procesos e as operacións de construción naval desde a óptica doutras áreas industriais de interese.

Proxecto "Tubo de peche"

Mellorar o proceso global, automatizar procesos, eliminar ou minimizar tarefas, mellorar o proceso de montaxe, optimizar a toma de datos e xerar documentación de calidade.

Control Estatístico de Procesos

Determinación de indicadores de calidade, análise de capacidade, control e mellora do proceso.

Información en Plan e Realidade Aumentada

Eliminar o uso do papel, creando un sistema de información que provea dita información de maneira dinámica e sinxela aos usuarios.

Sistema Integral de Xestión da información. Industrial Internet of Things

Aplicar tecnoloxías IoT, integrando avances importantes en telecomunicacións e software. Fabricación conectada, mellora da eficiencia de procesos e redución os tempos de espera.

Proxecto "sen sabres". Sistema de Servizos Integrados

Actuación no ámbito das comunicacións, control e outros sistemas auxiliares. Distribución eléctrica, mediante a redución do volume de cableado e aumento das capacidades.

Sistemas Auto-Reconfigurables

Desenvolver unha metodoloxía de deseño e de control de operación para os sistemas de contraincendios e auga refrixerada, do tal forma que permita a reconfiguración automática adaptándose a posibles fallos do sistema.

Utilización de Adhesivos na Construción Naval

Coñecer a situación relacionada coa utilización dos adhesivos na construción naval. Maximizar o uso desta nova tecnoloxía.

Operación de UAVs en espazos exteriores e confinados

Desenvolver un prototipo de dron específico para tarefas de inspección CloseUP no interior de tanques de carga de buques.

Xemelgo Dixital

Maximizar o aproveitamento da información xerada no proceso de deseño e construción para realizar unha primeira aproximación a un xemelgo dixital.

Autoidentificación de produtos intelixentes

Incorporar o uso de produtos intelixentes conectados no estaleiro.

Operario Asistido

Mellorar a ergonomía no traballo, reducindo a fatiga e mellorando a calidade das condicións laborais.

02.3 Colaboración Universidade-Empresa para a especialización tecnolóxica

02.3.1. Cátedras con vocación dixital

As cátedras institucionais, financiadas cunha dotación económica periódica achegada en concepto de patrocinio polas empresas, permiten desenvolver actividades non lucrativas específicas de formación, de divulgación, de transferencia de coñecemento e de investigación nos ámbitos de interese común para a empresa e a Universidade. Outra modalidade de colaboración son as aulas institucionais, cunha menor achega económica, e que desenvolven actividades de formación e de divulgación e transferencia de coñecemento. A súa duración mínima é dun ano ou un curso académico.

A Universidade impulsou a creación de cátedras cunha clara inclinación cara a materias relacionadas coas novas tecnoloxías, pero tamén contamos con outras que dan resposta a esa ampla demanda abarcando diferentes ámbitos de coñecemento.

Fomentamos a creación de cátedras na nosa aposta pola colaboración universidade-empresa establecendo mecanismos estratéxicos e estables. As cátedras constitúense a través dun convenio no marco de regulación correspondente, establecendo uns obxectivos que dan resposta ás necesidades das entidades que colaboran.

Dentro de nosa ampla oferta, contamos cunha serie de cátedras enmarcadas especificamente na dixitalización.

- Cátedra Everis
- Cátedra Handytronic
- Cátedra R en Ciberseguridade

Ademais, en 2019 asinouse o convenio para a creación da Cátedra ALDABA WIB: Women, ICT & Business. Orientada ao campo das TIC, está adscrita á nosa Facultade de Informática e á Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo.

Cátedra Everis

A Cátedra UDC - Everis en Transformación Dixital, creada en 2018, regula a colaboración estable entre a Universidade da Coruña e Everis. Fomenta o intercambio de experiencias nos campos da docencia, a investigación e a cultura. A Cátedra está destinada a estudantes e investigadores da Facultade de Informática.

Obxectivos

- Colaborar na docencia.
- Promover o talento.
- Favorecer espazos de debate e difusión.

As temáticas tratadas englóbanse en Big Data, ciberseguridade, mobilidade e outros aspectos relacionados coas TIC. A directora da cátedra é a profesora titular da nosa Universidade Dna. Adriana Dapena Janeiro.

As principais actividades desenvoltas foron:

- *Taller competencial: comunicación positiva.*
- *Conferencia sobre a tecnoloxía Blockchain.*
- *Tutorización a estudantes que comezas os estudos na Facultade.*
- *Actividades formativas de prácticas en empresa.*
- *Feira de emprego da Facultade.*
- *Premio "Three minutes thesis".*
- *Premio Xovetic. Organizado polo CITIC.*
- *Axudas a investigadores visitantes.*

A dotación anual alcanza os 20.000 euros. Ademais, ofrecéronse cinco bolsas destinadas a estudantes en prácticas extracurriculares e a investigadores.

Liñas de traballo

- *Colaboración na docencia da Facultade de Informática e, especialmente, no campo da transformación dixital das organizacións públicas e persoais de Galicia.*
- *Promoción de actuacións que estimulan e premian o talento dos estudantes.*
- *Incorporación dos estudantes ao mundo laboral, a través do aliñamento das súas competencias, coñecementos e habilidades coa demanda actual e futura do mercado laboral.*
- *Fomento dos traballos de investigación realizados por grupos da Facultade de Informática.*

Cátedra Handytronic

A Cátedra Handytronic – Grupo Telecon foi creada en 2017, coa finalidade de aumentar a relación da empresa coa Universidade da Coruña e concretamente coa Facultade de Informática e o Mestrado en Bioinformática para Ciencias da Saúde (MUBICS).

Os seus obxectivos estratéxicos que definen as súas áreas de actuacións e dan sentido ás actividades que promove, son os seguintes.

Obxectivos

- Apoio á investigación, especialmente no ámbito da bioinformática e neurociencia.
- Promoción de actividades de apoio á docencia, especialmente no Mestrado en Bioinformática para Ciencias da Saúde e noutras titulacións da Facultade de Informática.
- Desenvolvemento de actuacións de difusión e divulgación de ciencia e tecnoloxía tanto no ámbito universitario como para o público en xeral.

Durante o curso 2018-2019 desenvolvéronse as seguintes no seo da cátedra:

- *Mobilidade.*
- *Medicina participativa.*
- *Talleres interfaces cerebro-Máquina.*
- *Curso REDCap. Rexistro de datos en estudos biomédicos.*

Cátedra R en Ciberseguridade

A Cátedra R en Ciberseguridade é unha cátedra interuniversitaria que nace da colaboración entre a nosa Universidade e a Universidade de Vigo, coa firma do convenio en 2018.

Nace coa misión de promover o desenvolvemento das competencias profesionais do alumnado universitario; mellorar a capacitación; ampliar ou actualizar os coñecementos, técnicas ou habilidades dos membros da comunidade universitaria ou outros profesionais para adaptalos ás necesidades da empresa; fomentar a formación continua, a innovación e a investigación na área da ciberseguridade.

Obxectivo

- Promover o coñecemento para obter as capacidades necesidades en materia de ciberseguridad.

As principais actividades realizadas no cumprimento dos obxectivos da cátedra son:

- *Actividades de formación e divulgación.*
- *Colaboracións en estudos de posgrao.*
- *Patrocinio de bolsas e premios.*
- *Conferencias, seminarios, talleres e visitas a empresas.*
- *Promoción de prácticas curriculares e extracurriculares.*
- *Colaboración en plans de formación para empresas ou institucións.*
- *Formación para a creación de empresas de base tecnolóxica ou para a explotación de resultados de investigación.*
- *Realización de xornadas de divulgación científica, tecnolóxica e da cultura da ciberseguridade na sociedade.*
- *Publicacións sobre temas de interese no ámbito da cátedra e divulgación das actividades da cátedra.*
- *Desenvolvemento de liñas de investigación conxunta.*
- *Promoción da contratación de grupos das universidades da Coruña e de Vigo.*
- *Cooperación para lograr proxectos de investigación.*
- *Promoción de encontros e redes nacionais e internacionais de expertos.*
- *Apoio á realización de tese de doutoramento, TFM e TFG de perfil I+D+i.*

A cátedra conta cunha dotación de 20.000 euros achegados ao 50% entre a Universidade de Vigo e a UDC.

Liñas de traballo

- *Colaboración na docencia e investigación, especialmente no Mestrado Interuniversitario (UVIGO-UDC) en Ciberseguridade.*
- *Creación dun programa de captación de talento.*
- *Impulso de actividades que permitan crear espazos de debate e difusión da actividade docente e investigadora.*
- *Promoción de actuacións que estimulen a capacitación, especialización e actualización de competencias de membros da comunidade universitaria e profesionais alleos á mesma, atendendo a necesidades competitivas da empresa.*

Cátedra ALDABA WIB: Women, ICT & Business

A Cátedra ALDABA WIB xorde como unha ferramenta para promocionar unha crecente participación das mulleres no desenvolvemento das tecnoloxías da información e a comunicación.

Obxectivo

- Potenciar e enriquecer o progreso das TIC.

A Cátedra desenvolverá as súas actividades en concordancia coas liñas de actuación expostas.

Liñas de traballo

- *Contribuír á formación de alto nivel.*
- *Achegar as necesidades e posibilidades do uso das TIC na empresa.*
- *Empregabilidade.*
- *Visibilidade das achegas das mulleres no ámbito das TIC.*

02.4
Emprendemento universitario de base tecnolóxica

02.4.1.
Spin-off

As spin- off son empresas baseadas na explotación de tecnoloxía e coñecemento científico, creadas no seo da Universidade, co propósito de favorecer a transferencia das resultados da investigación universitaria, e a súa presenza no proceso de innovación do sistema produtivo.

Ao longo de 2019, a UDC iniciou o estudo de viabilidade e posta en marcha de 2 iniciativas de base tecnolóxica. Espérase que durante o próximo ano ambas empresas queden formalmente constituídas e participadas pola nosa Universidade.

Na actualidade, a UDC conta con 10 spin-off:

Spin-off Universidade da Coruña

01

Appentra Solutions

A súa misión é proporcionar ferramentas de software de calidade que posibiliten o uso extensivo das técnicas de computación de alto rendemento (HPC) en todas as áreas de aplicación da enxeñaría, a ciencia e a industria. Os seus valores estratéxicos son a investigación e o desenvolvemento, e o motor para proporcionar novas soluciones software HPC é a innovación.

02

Centro de Estimulación Cerebral de Galicia

Esta empresa ofrece servizos de medicina relacionados con técnicas e protocolos de estimulación cerebral non invasiva para tratar patoloxías neuro-psiquiátricas nas que os procedementos habituais non alcanza resultados favorables. A meta é mellorar a calidade de vida e a saúde das persoas incidindo principalmente en enfermidades como a depresión, a ansiedade ou dores crónicos.

03

Ius Publicum Innovatio

É unha spin- off dedicada a ofrecer servizos de estudos e análises estratéxicos enmarcados dentro do ámbito da boa administración e regulación do dereito público.

04

Manufactura de Ingenios Tecnológicos

O centro da súa actividade oriéntase cara ao deseño, desenvolvemento e fabricación de dispositivos autónomos e plataformas robóticas que fan un uso intensivo das tecnoloxías da información.

05

Nerxus Quality Solutions

O obxectivo primordial da súa actividade está enmarcado na industrial 4.0 e descansa sobre o desenvolvemento metodolóxico de estatísticas para o control da calidade de instalacións en edificios. Especializa no ámbito da eficiencia enerxética en espazos comerciais, públicos e industriais mediante procesos automatizados de toma de decisión intelixente.

06

Peloides Termales

Empresa de base tecnolóxica dedicada á consultoría sobre produción, emprego e propiedades de peloides a medida. Peloides Termais está enfocada cara ao sector termal dentro do mercado turístico de saúde e benestar mediante aplicacións terapéuticas e cosméticas.

07

Phycosem Marine Agronomy

Spin-off centrada na produción de semente de alga mariña e reprodución de macroalgas.

08

Sedaqua

A súa actividade principal é a depuración de augas mediante humidais artificiais para pequenas poboacións e industrias. Esta actuación promove o aforro de enerxía e sistemas máis eficientes e respectuosos co medio ambiente.

09

Terravanza

A iniciativa céntrase na monitoraxe das infraestruturas municipais seguindo un criterio de detalle e actualización constante mediante sensores estáticos e dinámicos integrando os resultados en bases de datos. O obxectivo de obter unha visión completa para facilitar a xestión, o mantemento e a toma de decisións.

10

Torus Software Solutions

Empresa de solucións software de comunicacións ultrarrápido que permite acelerar aplicacións en contorna onde o rendemento é crítico. A súa actividade está especialmente orientada aos sectores financeiros, de telecomunicacións e de enerxía. Aposta pola aplicación da I+D en sectores competitivos e a valorización comercial de tecnoloxías disruptivas.

Así mesmo, levouse a cabo a venda das participacións da spin-off Health in Code. Esta venda adquire especial relevancia ao ser a segunda realizada por parte da UDC desde que comezamos a participar en empresas de base tecnolóxica. Health in Code está especializada no diagnóstico xenético molecular de cardiopatías e na interpretación dos resultados xenéticos.

02.4.2.
Viveiro de empresas da UDC

O Viveiro de empresas da UDC foi creado no ano 2004 co fin de apoiar á comunidade de emprendedores, poñendo á súa disposición un espazo enfocado a impulsar e consolidar iniciativas empresariais de base tecnolóxica e innovadores.

No ano 2019, contamos coas seguintes empresas aloxadas no viveiro:

Enllo

Ferramenta software online destinada a desenvolver o traballo en forma de tarefas, ordenes de traballo ou ideas para unha xestión eficiente.

Top Consultans

Consultoría en redución de custos e implantación de I+D+i.

Merlin Software

Consultora tecnolóxica experta en sistemas Backend, Internet of Things, realidade aumentada e realidade virtual.

Bioloxía e Información Marítima Ártabra (BIMA)

Servizos tecnolóxicos para sectores relacionados co medio mariño.

3D Boat Builders

Deseño e construción de embarcacións mediante impresións 3D.

Developers Forensics Tools

Desenvolvemento de novas ferramentas forenses tanto para responder ante ciberataques e realizar respostas rápidas con validez legal.



02.5
Servizos dixitais de apoio á docencia e á investigación

Co obxectivo de apoiar á comunidade universitaria no desenvolvemento eficiente das súas funcións e adaptadas aos retos do s. XXI, ofertamos accións de formación permanente estreitamente vinculadas á aplicación das TIC.

02.5.1.
CUFIE: Innovación educativa desde un prisma tecnolóxico

O Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), ten como obxectivos principais promover a formación dentro da nosa Universidade e atender ao desenvolvemento de iniciativas que promovan a innovación dentro do sistema educativo.

Desde o CUFIE promovemos materiais didácticos e innovadores a través da Unidade de Teleformación " UDConTIC", que ten como misión prestar apoio a todas as iniciativas relacionadas coa teleformación dentro da nosa Universidade.

UDConTIC persegue os seguintes obxectivos:

- *Xestión de cursos dentro do Plan de Formación do CUFIE que se impartan de forma online ou semipresencial.*
- *Soporte tecnolóxico das actuacións de teleformación.*
- *Promover o deseño de actuacións orientadas á docencia semipresencial.*
- *Promover a integración de tecnoloxías educativas na actividade docente.*
- *Facilitar a actualización do profesorado en competencias dixitais.*
- *Impulsar proxectos de innovación educativa.*

En colaboración con outras áreas da nosa Universidade, dentro do proceso de innovación docente e aproveitamento dos recursos dixitais, publicamos en 2019 a II Convocatoria para a elaboración de cursos masivos abertos en liña (MOOCs) da UDC.

Para avanzar nesta iniciativa caracterizada polo coñecemento aberto e dixital, asinamos un convenio con MiríadaX, a plataforma iberoamericana máis importante a día de hoxe neste ámbito.

Ademais, promovemos accións máis específicas destinadas a mozos investigadores vinculados aos nosos Centros de Investigación ou a centros singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas en Galicia. Concretamente, en colaboración co CITIC ofrecemos un programa de formación transversal en habilidades chave. Persegue o obxectivo de aumentar a súa empregabilidade e complementar os seus coñecementos científicos e tecnolóxicos.

02.5.2.
Recursos tradicionais dixitalizados

Aliñado co noso obxectivo estratéxico da aprendizaxe e a eficiencia no uso dos recursos, dispoñemos de mecanismos para xestionar os materiais didácticos de forma virtual. Neste sentido, facilitamos a interacción da comunidade universitaria cos nosos recursos, promovendo a inclusión tecnolóxica en aspectos que tradicionalmente eran presenciais.

Biblioteca Universitaria da UDC (BUDC)

Posibilita a realización online e non presencial dos servizos tradicionais de préstamos e renovacións de material. Ademais, pode consultarse todo o catálogo da BUDC a través da súa páxina web e estar informado das novas adquisicións.

- *Ciclo de formación online sobre actualizacións e novidades da base de datos Scopus.*
- *Cursos de formación en liña da Web of Science.*
- *Curso do xestor bibliográfico Refworks.*
- *Acceso á colección completa de Wiley Online Library.*
- *Acceso a un novo paquete de libros electrónicos da editorial Springer Nature.*

Estamos a traballar na posta en marcha dun Plan de Formación en Competencias Dixitais aliñado co DIGCOMP, Marco para o desenvolvemento e a competencia dixital en Europa, promovido pola Comisión Europea.



03

Colaboración Universidade-Empresa, internacionalización e apoio á investigación

03

Colaboración Universidade-Empresa, internacionalización e apoio á investigación

A colaboración universidade-empresa preséntase como unha oportunidade para fomentar o desenvolvemento socioeconómico, pois facilita a transferencia dos resultados da investigación e a súa posta en valor polo tecido produtivo. Esta modalidade de colaboración público-privada pode contribuír, por tanto, a impulsar os innovadores procesos docentes que deben de promover os axentes económicos e sociais, públicos e privados, da nosa contorna.

Ademais, as tendencias actuais remarcan a necesidade de fortalecer as relacións internacionais e o crecemento como resposta a unha demanda global.

03.1

Cátedras Universidade-Empresa: Mecenado para a innovación social e a transferencia de coñecemento

Dende a UDC, impulsamos a creación de cátedras no marco da colaboración universidade-empresa para promover iniciativas de formación, investigación e transferencia de coñecemento. Dentro dunha oferta diversa, colaboramos con cátedras en diferentes áreas do coñecemento máis aló das materias estritamente dixitais.

As seguintes cátedras cobren un amplo abanico de posibilidades demandadas pola sociedade.

- Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos
- Cátedra EMALCSA
- Cátedra Fundación INADE
- Cátedra HM
- Cátedra INDITEX-UDC de Sustentabilidade
- Cátedra Jorge Juan
- Cátedra Luís Fernández Somoza
- Cátedra SXD Galicia Activa

As iniciativas desenvoltas facilitan unha aproximación á investigación e á transferencia de coñecemento. Están enfocadas dende un punto de visto formativo e de divulgación dando resposta ás necesidades demandadas pola sociedade.

En 2019 asinamos tres novos convenios de colaboración que permitiron crear a Cátedra Epifanio Campo e a Cátedra de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, ambas situadas no Campus de Ferrol, así como tamén a Cátedra Hijos de Rivera-UDC de Desenvolvemento Sostible no Campus da Coruña.

A Cátedra Epifanio Campo desenvolverá a súa actividade enmarcada na docencia, investigación e divulgación científica no ámbito do medio ambiente e a sustentabilidade, particularmente sobre a xestión de residuos industriais. Por outra banda, a Cátedra de Protección Civil e Xestión de Emerxencias nace co obxectivo de establecerse como un espazo estratéxico ao redor da protección civil.

A Cátedra Hijos de Rivera-UDC de Desenvolvemento Sostible persegue establecer un equilibrio entre a competitividade económica e o desenvolvemento social e ambiental baseándose na innovación e na procura de novas fórmulas.

Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos

A Cátedra Cosme Álvarez dos Ríos nace en 2017 froito da colaboración entre a Universidade da Coruña e Navantia. A través do impulso da transferencia de coñecemento, dende a cátedra, fortalecemos as relacións entre o Campus de Ferrol e Navantia establecendo obxectivos estratéxicos compartidos.

Obxectivos

- Estimular a investigación e a transferencia.
- Promover as prácticas curriculares e extracurriculares entre ambas institucións.
- Organizar foros de encontro entre a Universidade e Navantia.
- Definición e articulación da colaboración entre as dúas institucións para a presentación de proxectos en concursos de ideas, prototipos e similares de carácter internacional.
- Dotación de premios aos alumnos.
- Colaboración para a impartición de conferencias e a organización de seminarios.
- Apoio á preparación de propostas e fomento da realización de actividades de I+D+i.
- Fomento da obtención de patentes.

As persoas responsables e encargadas de xestionar a cátedra son Dna. Ana Álvarez García, profesora da Politécnica, e de D. Fernando Lago Rodríguez, director de Enxeñaría e Innovación de Navantia. Ao situarse no Campus de Ferrol mantén colaboración coa cátedra Jorge Juan e tamén está vinculada co Estaleiro 4.0 do Campus Industrial.

As principais actividades desenvoltas foron as seguintes:

- *Convocatoria de premio á innovación Navantia para Traballos de Fin de Mestrado da rama de coñecemento de enxeñaría nos ámbitos naval e industrial da UDC, dotado con 1.500 euros.*
- *Ciclo de 4 conferencias.*

Para poder realizar as actividades e proxectos planificados, a cátedra conta cun orzamento anual de 45.000 euros. Ademais, ofrece un plan de bolsas para que os alumnos da UDC realicen as prácticas en Navantia.

Liñas de traballo

- *Iniciativas e proxectos relacionados co sector naval.*
- *Iniciativas e proxectos relacionados co sector industrial.*
- *Iniciativas e proxectos relacionados con sistemas asociados aos sectores naval e oceánico.*

Cátedra EMALCSA

O convenio que crea e regula a Cátedra EMALCSA foi asinado en 2017 entre EMALCASA e a Universidade co reto de asumir unha xestión sostible da auga. Trabállase na definición de estratexias no marco do desenvolvemento integral auga, promovendo e fortalecendo a xestión do recurso dende un punto de vista ambiental, social e económico.

Obxectivos

- Organizar a investigación e a transferencia no ámbito dos sistemas de auga urbana.
- Potenciar a colaboración EMALCSA-Persoal investigador da UDC.
- Avanzar na definición de estratexias e metodoloxías.
- Desenvolver produtos e resultados que sitúen a EMALCSA como referente.
- Deseño e desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e transferencia.
- Promover prácticas coa UDC.
- Organizar foros de encontro entre a UDC e EMALCSA.

A cátedra está adscrita á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, sendo o director da mesma o enxeñeiro D. Joaquín Suárez López. Unha das actuacións estratéxicas da cátedra é a creación dunha relación intercátedras da auga. Neste marco, estableceuse contacto coa Cátedra DAM de Xestión Integral e Recuperación de Recursos da Auga Residual (Valencia), coa Cátedra Facsa en Innovación do Ciclo da auga-Universidade Jaume I (Castelló) e coa Cátedra da auga EMASESA (Sevilla).

As principais actividades desenvólvense seguindo un enfoque interno e externo a curto e medio prazo. A continuación, resúmense algunhas das actividades levadas a cabo durante 2019.

- *Construción do modelo didáctico " ChoivaBox".*
- *Xornadas "Retos da xestión de augas pluviais mediante sistemas de drenaxe urbana sustentable".*
- *4 Seminarios.*
- *3 Conferencias.*

A dotación anual é de 50.000 euros.

Liñas de traballo

- *Realización iniciativas enmarcadas na formación, divulgación, transferencia e investigación.*
- *Desenvolvemento de proxectos mediante contratos específicos.*

Cátedra Fundación INADE

A Cátedra Fundación INADE de Xestión do Risco e o Seguro é froito do convenio de colaboración entre a fundación INADE e a Universidade da Coruña. Iniciou a súa actividade en 2016, sendo o director da cátedra o profesor titular de dereito civil D. Fernando Pena López.

A razón da súa creación radica no fomento do intercambio de experiencias nos campos da docencia, a investigación e a cultura en materia de xestión de riscos.

Obxectivos

- Fomentar e divulgar unha cultura de xestión responsable do risco na sociedade.
- Contribuír á formación de profesionais cualificados para mellorar a xestión de riscos na contorna socioeconómica de Galicia.
- Fomentar a transferencia de coñecementos en materia de xestión de riscos dende a Universidade á sociedade.

No presente curso desenvolvéronse as seguintes actividades:

- *Presentación nun marco de actividade investigadora do 3º Caderno da Cátedra "A regulación do contrato de seguro en Portugal e España: análise comparada".*
- *Diálogos 2020: "Novos riscos que afectan a conselleiros e directivos".*
- *Plan Inicia Gerenciarys.*

Ademais, concedéronse tres bolsas a alumnos matriculados no curso de posgrao de especialista en xerencia de riscos e seguros pertencente ao plan de actividades da cátedra.

Cátedra HM

En 2015 asinouse o convenio entre a UDC e o Sanatorio Cirúrxico Modelo que crea e regula a Cátedra HM de Traumatoloxía do Deporte, co propósito de desenvolver o campo da sanidade e avanzar cara á excelencia.

Obxectivos

- Lograr que na Coruña se forme un centro de referencia no ámbito da traumatoloxía do deporte, non só para Galicia, senón para todo o noroeste peninsular.
- Promover unha formación de calidade no ámbito da traumatoloxía do deporte nos ámbitos da medicina, fisioterapia, e da educación física da que poidan aproveitarse os profesionais da contorna da UDC e da Coruña.
- Estimular a investigación no ámbito da traumatoloxía do deporte.

As principais liñas actividades durante 2019 foron:

- *Conferencia presentada no ámbito da formación.*
- *Bolsas de formación convocadas.*
- *Congreso científico (Simposio MEDI).*
- *Premios mellor tese doutoral e mellor traballo fin de mestrado.*
- *5 publicacións.*
- *9 conferencias en congresos científicos.*
- *2 recoñecementos científicos recibidos.*
- *Difusión por correo electrónico das diferentes convocatorias, premios e comunicados da cátedra.*
- *Mantemento dun site web.*
- *Mantemento dunha base de datos con máis de 50 entidades que forma o grupo de partes interesadas da cátedra.*
- *Seguimento telefónico de principais actuacións coas partes interesadas.*

A Cátedra HM en Traumatoloxía do Deporte conta con D. Javier Cudeiro Mazaira, Catedrático de Fisioloxía, como director e máximo responsable. Co obxectivo de desenvolver o seu propósito, a cátedra contou cun orzamento de practicamente 40.000 euros. As bolsas de formación establecidas tiveron unha dotación orzamentaria de 15.000 euros.

Liñas de traballo

- *Formación.*
- *Eventos e premios científicos promovidos e xestionados.*
- *Publicacións, charlas, conferencias e relatorios científicas realizadas.*
- *Divulgación das actividades da cátedra.*

Cátedra INDITEX-UDC de Sustentabilidade

A Cátedra INDITEX-UDC de Sustentabilidade, denominada ata 2018 Cátedra INDITEX de Responsabilidade Social, créase en 2010. Ambas institucións apostan por transmitir á sociedade o coñecemento dos aspectos que conforman a sustentabilidade, promovendo a formación en cuestións sociais e a integración na UDC dun modelo baseado na responsabilidade social.

Obxectivo

- Promover dende a UDC un espazo de reflexión comunitaria, formación académica e investigación aplicada sobre a sustentabilidade social das administracións e organismos públicos, as empresas e as entidades non lucrativas.

A Cátedra INDITEX-UDC de Sustentabilidade pertence á rede internacional de colaboración de Inditex con centros universitarios de prestixio para profundar en novos ámbitos académicos en materia social. Neste contexto, colabora e mantén unha relación con outras cátedras como a Cátedra de Refuxiados e Migrantes Forzosos da Universidade Pontificia Comillas, a Cátedra de Discapacidade e Empregabilidade TEMPE-APSA na Universidade Miguel Hernández de Elxe e a Cátedra Inditex de Lingua e Cultura Españolas na Universidade de Daca (Bangladés).

As principais actividades desenvoltas responden ás dúas liñas de traballo centradas nos subprogramas que integran a cátedra.

- *4 talleres.*
- *3 sesións clínicas.*
- *5 visitas a organizacións.*
- *3 conferencias En Código Aberto.*

As bolsas ao alumnado do Curso de Especialización en Sustentabilidade e Innovación Social da cátedra cobren o 50% da matrícula por un valor de 300 euros e están dispoñibles para o 40% do alumnado.

Liñas de traballo

- *Curso de Especialización en Sustentabilidade e Innovación Social*
- *Ciclo de Conferencias En Código Aberto*

Durante a oitava edición do Curso de Especialización en Sustentabilidade e Innovación Social 28 alumnos e alumnas foron admitidos. Os perfís dos estudantes que acceden á cátedra son diversos.



Cátedra Jorge Juan

A Cátedra Jorge Juan xorde do convenio de colaboración entre o Ministerio de Defensa e a Universidade da Coruña asinado en 1994 en Ferrol. A cátedra comezou a súa andaina en 1995.

Nace cun marcado carácter cultural e atópase ben enraizada na sociedade ferrolá tras 25 anos de funcionamento. Polo tanto, a participación da cidade nas súas conferencias é un factor importante. Destacan os campos das Humanidades, Navegación e Construción Naval, Dereito, Economía, Enxeñaría e Arquitectura.

Obxectivo

- A relación institucional para temas culturais entre a Armada (Zona Marítima do Cantábrico) e a Universidade da Coruña.

As actuacións da cátedra céntranse en diferentes conferencias, polo tanto, a actividade desenvolta foi a seguinte:

- *8 conferencias*

O orzamento alcanza os 5.600 euros e está adscrita ao Campus Industrial de Ferrol.

Liñas de traballo

- *Divulgación da cultura.*
- *Divulgación da ciencia.*

Cátedra Luís Fernández Somoza

A Cátedra Luís Fernández Somoza para a Internacionalización de Estudos, persegue proxectar aos nosos estudantes e profesores internacionalmente, así como establecerse como punto de encontro entre personalidades académicas de prestixio que faciliten un enfoque amplo dunha realidade complexa como é a globalización económica.

Este marco é establecido polos obxectivos estratéxicos que guían as actuacións da cátedra. Debido á súa versatilidade, poden adaptarse a outros obxectivos relacionados con actividades de transferencia enmarcadas na internacionalización de estudos.

Obxectivos

- Mobilidade de profesores e estudantes.
- Proxección internacional da Facultade de Economía e Empresa a través de novos convenios con outras facultades de economía e empresa internacionais e localizadas como estratéxicas.
- Promoción de ciclos de conferencias con académicos de relevancia internacional.

O director da cátedra é D. Carlos Estévez Mengotti. A recepción de profesorado internacional é a actividade que ofrece un eixo de estreita colaboración con outros centros.

A dotación orzamentaria alcanza os 150.000 euros anuais. As bolsas que se establecen dentro do marco de actuación da cátedra poden ser destinadas para a mobilidade internacional do estudantado e do profesorado, a mobilidade de profesorado estranxeiro, a mobilidade docente estranxeira relacionada coa investigación e a mobilidade de profesores e investigadores en programas de doutoramento.

Cátedra SXD Galicia Activa

No ano 2018 tras a firma do convenio entre a nosa Universidade e a Fundación Deporte Galego xorde o acordo de colaboración que dá pé á formación da Cátedra SXD Galicia Activa. Esta busca promover a transferencia de coñecemento en relación coa educación, a investigación e a cultura coa actividade física como denominador común.

Obxectivos

- Favorecer a divulgación dos beneficios da adopción de estilos de vida fisicamente activos entre a poboación galega.
- Contribuír á formación de profesionais cualificados para incrementar os estilos de vida fisicamente activos.
- Fomentar a investigación e transmisión de coñecementos en materia de actividade e exercicio físico como instrumento para a prevención das enfermidades crónicas non transmisibles e dos seus factores de risco.
- Asesorar na implementación, seguimento e avaliación das medidas do Plan Galicia Saudable (PGS) e no establecemento de prioridades de intervención.
- Desenvolver tarefas de investigación relacionadas coas medidas do PGS e de observación das condutas sobre actividade física e sedentarismo da poboación galega.

As principais actividades realizadas durante 2019 son:

- *Asesoramento á Fundación Deporte Galego.*
- *Participación en grupos de traballo e elaboración de documentos técnicos para SERGAS e institucións dependentes.*
- *Comunicación dos resultados do informe DAFIS.*
- *Xornada orientada a alumnos de mestrado, doutoramento e profesionais da Educación Física e da Saúde.*

O director da cátedra é D. Eliseo Iglesias Adoitar, pertencente ao Departamento de Educación Física e Deportiva. A dotación económica alcanza os 20.000 euros anuais.

Liñas de traballo

- *Elaboración de informes científico-técnicos demandados desde a Fundación Deporte Galego, co obxectivo de dar un soporte de evidencias científicas ás actuacións emprendidas desde a mesma.*
- *Análise do nivel de desenvolvemento das accións recollidas no Plan Galicia Saudable, redefinindoas en caso necesario ou ben deseñando novas liñas de actuación.*
- *Elaboración dunha publicación científica cos principais resultados da primeira análise dos datos recolleitos na aplicación DAFIS.*
- *Deseño e desenvolvemento de novas liñas de análises dos datos rexistrados en DAFIS.*
- *Deseño de actividades formativas a diferentes colectivos implicados no desenvolvemento de programas de exercicio e fomento da práctica de actividade física.*

Cátedra Epifanio Campo

Mediante a firma dun convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e o Grupo Rodonita, créase en novembro de 2019 a Cátedra Epifanio Campo, adscrita á Escola Politécnica Superior. A cátedra está inspirada no legado de responsabilidade ambiental e economía circular do emprendedor Epifanio Campo.

Obxectivo

- Fomentar o intercambio de experiencias no campo da docencia, a investigación e a divulgación científica relacionadas co medio ambiente e a sustentabilidade e, en particular, coa xestión de residuos industriais.

Seguindo estas liñas de actuación, dende a cátedra promocionarase todo tipo de actividades de formación, divulgación, investigación e transferencia de coñecemento no ámbito da xestión ambiental e o tratamento de residuos industriais.

Liñas de traballo

- *Desenvolvemento do Centro de Interpretación de Residuos Industriais.*
- *Formación e divulgación.*
- *Transferencia e investigación.*

Cátedra de Protección Civil e Xestión de Emerxencias

A Cátedra de Protección Civil e Xestión de Emerxencias nace en 2019 da colaboración entre a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol e a UDC. Búscase fortalecer os aspectos relacionados coa previsión, prevención e planificación, así como contribuír á formación e investigación nesta materia.

Obxectivo

- Constituír un espazo estratéxico e duradeiro ao redor da protección civil.

As actividades que se realizarán no seo da cátedra gardarán relación e estableceranse en función das áreas de traballo descritas.

Liñas de traballo

- *Protección Civil. Investigación sobre os protocolos ante fenómenos meteorolóxicos adversos e modelo de xestión de seguridade de praias.*
- *EPAR. Activación de investigación arredor da xestión de seguridade nos espectáculos públicos.*
- *Autoprotección escolar. Edición e difusión da unidade didáctica dos "coles seguros" entre os centros públicos da comarca.*

Cátedra Hijos de Rivera-UDC de Desenvolvemento Sostible

A Cátedra Hijos de Rivera-UDC de Desenvolvemento Sostible, adscrita á Facultade de Economía e Empresa da UDC e o Campus da Sustentabilidade, créase en febreiro de 2019 coa firma do convenio entre a Universidade da Coruña e a corporación Hijos de Rivera. A iniciativa responde ao compromiso coa nosa contorna e a forte vinculación da compañía coa agricultura, orixe do 100% das materias primas dos seus produtos.

Obxectivo

- Explorar modelos innovadores e disruptivos que garantan o equilibrio entre a competitividade económica, o respecto ao medio ambiente e o avance social.

As actividades seguirán as áreas de traballo descritas con fin de acadar o obxectivo establecido pola cátedra e dar unha resposta completa aos retos globais actuais.

Liñas de traballo

- *Investigación no campo do desenvolvemento socioeconómico compatible con medio ambiente.*
- *Desenvolvemento de experiencias e modelo de transformación socioeconómica.*
- *Formación e divulgación.*

03.2 Internacionalización e colaboración Universidade-Empresa

03.2.1. Intalent UDC-Inditex

O programa Intalent promove a contratación de investigadores e investigadoras postdoutorais cunha traxectoria internacional dilatada e ademais, cunha gran proxección baixo o único criterio da excelencia.

O programa xorde da nosa colaboración activa cunha compañía referente como é Inditex. As persoas investigadoras interesadas en formar parte do programa, teñen que desexar desenvolver a súa actividade científica na UDC e cumprir o criterio de excelencia.

O obxectivo principal é situar á UDC como referente en captación do mellor talento, neste caso concreto do mellor talento investigador. En cada convocatoria contratamos a 2 persoas. Para iso, contamos cun orzamento de 1.450.000 euros.

Para desenvolver o proxecto de investigación de forma eficiente e coas condicións necesarias, o programa ofrece:

- *Contrato de ata tres anos na UDC.*
- *Salario de 45.000 €/ano.*
- *30.000 €/proxecto para investigación propia.*
- *1.000 € para traslado e instalación.*
- *Asesoramento técnico.*
- *Independencia investigadora.*
- *Instalacións para a execución do proxecto.*

As persoas interesadas deben acreditar:

- *Mínimo de 3 anos de experiencia postdoutoral.*
- *Con interese en convocatorias nacionais e internacionais de ciencia excelente, como as ERC, Ramón y Cajal, Juan de la Cierva.*
- *Polo menos 2 anos de experiencia internacional en centro de I+D+i.*
- *Traxectoria investigadora excelente e capacidade de xerar coñecemento novo.*
- *Potencial como investigador independente, madurez profesional e prometedora carreira científica.*

Actualmente, 3 investigadoras e 3 investigadores foron contratadas a través do programa Intalent UDC-Inditex.

As 3 convocatorias que se realizaron ata 2019, alcanzaron a 316 investigadores, procedentes de 5 continentes e de 48 nacionalidade diferentes, poñendo de manifesto as fortalezas do programa, a súa diversidade investigadora e a internacionalización.

03.2.2.

Estancias predoutorais Inditex-UDC

O obxectivo que marca a realización do presente programa, é facilitar a persoas matriculadas nos nosos estudos de doutoramento, a estancia nun centro de investigación no estranxeiro para complementar a súa formación e poder optar a mención internacional na súa tese de doutoramento.

Para alcanzar o obxectivo proposto, a Universidade da Coruña, a través da nosa Escola Internacional de Doutoramento (EIDUDC), xunto co apoio de Inditex, convoca axudas para realizar as citadas estancias predoutorais no estranxeiro.

En 2019 a dotación destinada ao programa alcanzou os 114.809,70 euros. Ademais, dende o inicio das convocatorias do programa en 2013 rexistráronse 250 solicitudes, concedendo 201. É dicir, máis dun 80% das persoas solicitantes conseguen a posibilidade de realizar unha estancia predoutoral no estranxeiro.

Do total de estudantes interesados nas estancias predoutorais e que participaron no programa dende 2013, o 58% son mulleres.

Durante o período 2013-2019, os destinos preferidos polos nosos estudantes foron Reino Unido, Portugal e EE.UU. O perfil dos estudantes que realizou o programa para o período citado anteriormente, é o seguinte.

Participación por área de coñecemento



03.3
Soporte e apoio á investigación na UDC

Na Universidade da Coruña contamos con mecanismos que establecen unha rede de soporte colaborativo necesaria para prestar apoio no proceso de transferencia dos resultados. Ademais, traballamos para facilitar a mellor tecnoloxía dispoñible co ánimo de garantir procesos de investigación excelentes e innovación de calidade.

03.3.1.

OTRI. Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación

O principal obxectivo da nosa Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) é favorecer as relacións entre universidade-empresa promovendo a transferencia de resultados.

Dende a OTRI actuamos como nexo entre os grupos de investigación pertencentes á UDC, fortalecendo os vínculos coa sociedade. Neste contexto, seguimos catro liñas de traballo que teñen como obxectivo fomentar a innovación, a transferencia de resultados e a cooperación entre estas relacións estratéxicas.

Valorización dos resultados de I+D+i

Analizar a estratexia adecuada de protección, a novidade da tecnoloxía e o potencial de explotación. O procedemento pode realizarse dende dous ámbitos:

- *Directamente dende a OTRI e/ou co apoio de servizos externos.*
- *Mediante programas especialmente promovidos para a valorización:*
  - *Programa Incita.*
  - *Programa Ignicia.*
  - *Programas Innovate e Sustenta.*

Explotación comercial dos resultados de I+D+i

Dar a coñecer os resultados de investigación a través da creación dun catálogo coa oferta tecnolóxica, para posteriormente ser transferida mediante contratos, licenzas ou mediante a creación de empresas spin-off.

Actividades de fomento da cooperación dos grupos de investigación con outras entidades

Identificar oportunidades de cooperación universidade-empresa no marco de proxectos de I+D+i e de servizos científico-tecnolóxicos especializados.

Acciones de formación e visibilidade

Organizar xornadas formativas dentro da promoción da innovación e transferencia de coñecemento por parte dos investigadores.



Entre outras actuacións, tamén xestionamos as patentes realizadas polo profesorado no ámbito das súas funcións docentes e investigadoras, prestando apoio e asesoramento sobre protección dos resultados, trámites e explotación.



03.3.2.

Transferencia de coñecemento a través de contratos art. 83 LOU

O Artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (LOU), recolle a colaboración da Universidade con outras entidades ou persoas físicas para a realización de traballos científicos, técnicos, artísticos e actividades educativas de especialización ou formación.

En 2019 a contía captada a través de convenios e contratos regulados segundo o Artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001, aumentou nun 6% contabilizando un menor número de contratos.



03.3.3.
Programa BERCE

O Programa BERCE (Benvida, Estabilización e Retorno da Ciencia Excelente), xestionado pola OTRI da UDC, está enfocado cara á captación do talento e axuda á ciencia excelente. Promove a presentación de propostas con éxito por parte daqueles investigadores e investigadoras presentes nalgunha das modalidades do European Research Council (ERC): Starting Grants (StG), Consolidator Grants (CoG) e Advanced Grants (AdG).

Dende a UDC comprometémonos coa investigación de calidade. Poñendo ao servizo dos investigadores interesados os recursos óptimos. Ademais da ERC, pódense atopar diferentes convocatorias que abren as portas a investigadores e investigadoras internacionais de todo o mundo para realizar os seus proxectos na nosa Universidade. Por exemplo, as axudas Ramón y Cajal ou outras convocatorias de ciencia excelente, como EURIAS Fellowship Programme ou o Programa Juan da Cierva, entre outras.

Obxectivos específicos do programa

- *Atraer e potenciar o talento excelente de calquera parte do mundo.*
- *Conseguir dinamizar e dar continuidade á carreira investigadora dentro da UDC.*
- *Incentivar a participación da UDC na Ciencia excelente do Programa H2020.*
- *Apoiar a confluencia de investigadores ás ERC grants.*
- *Proporcionar soporte técnico e mentorizar a todos os solicitantes.*

Ademais, o programa BERCE ofrece:

- **Estabilidade profesional**
- **Salario competitivo**
- **Acceso integral a servizos UDC**
- **Espazo propio**
- **Soporte técnico**
- **Apoio ao investigador**

03.3.4.

SAI. Servizos de apoio á investigación

O SAI está composto por un conxunto de servizos especializados capaces de prestar apoio á investigación científica, técnica e humanística, cunha dotación instrumental e de recursos humanos que por diferentes razóns superan ás necesidades de centros, departamentos ou institutos.

Dende os Servizos de Apoio á Investigación, levamos practicamente 20 anos depositando os nosos esforzos sobre o uso racional dos recursos. Especialmente, sobre os recursos destinados a tarefas de investigación.

A función de dar soporte a centros tecnolóxicos e institucións de investigación tan singulares, fai imperativa a necesidade de ofrecer servizos dinámicos. Isto permítenos afrontar a adaptación á nova era tecnolóxica con robustez.

As unidades que en última instancia ofrecen os recursos e servizos necesarios son:



03.3.5.

SERIN. Servizo de Investigación

O Servizo de Investigación é o responsable da xestión administrativa da actividade relacionada coa I+D+i. É un servizo indispensable para contar coa máxima calidade nas actividades de investigación da nosa Universidade.

O desenvolvemento e consolidación das nosas liñas de investigación e a aposta pola crecente relación en termos de transferencia de coñecemento, son aspectos fundamentais para poder garantir uns servizos de calidade. O obxectivo céntrase en dar un cumprimento eficiente a todos estes aspectos.

04

Compromiso coas persoas e a contorna

04

Compromiso coas persoas e a contorna

04.1

Resposta da Universidade aos retos globais

As universidades xogan un papel fundamental á hora de proporcionar solucións, coñecemento e ideas innovadoras. Especialmente, nunha época onde a tecnoloxía e a dixitalización asumen unha posición importante en relación coa consecución de obxectivos e metas globais, por exemplo os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

A contribución á consecución dos ODS e a Axenda 2030, repercute directamente na mellora da calidade de vida das persoas, o fomento do crecemento enfocado cara á igualdade de oportunidades e a protección do medio ambiente mediante un uso eficiente dos recursos.

Por este motivo, na Universidade da Coruña estamos comprometidos co desenvolvemento sostible da sociedade, cun crecemento económico xusto e inclusivo e en última instancia, coa consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Actualmente, estamos convencidos de que a aposta pola transformación dixital, a actualización e adaptación aos novos sistemas tecnolóxicos aproveitando as oportunidades que ofrecen, son mecanismos eficientes para asumir e alcanzar todos estes retos.

